

MARZO DE 2003

Nº 1

Prezo 3 €



a lingua do CORVO

Asociación Sociocultural, Deportiva e Xuvenil de Meiro





Sumario:

Editorial

- **Lembro de Meiro** Seso Portela Villar
- **Pregón da IV festa do Millo** Xosé Vázquez Pintor
- **Pan** Marga do val
- **O Carro do País** Salvador Bernárdez
- **¿Quen Mancou o Millo aquí?** Xosé Vázquez Pintor
- **Apontamentos Folclóricos** Xerardo Dasairas
- **O millo Corvo** Antón Patiño Regueira
- **Meiro, a Aldea Republicana** Gonzalo Martínez
- **Estou a mirar como cocen os fornos** Antón pais
- **O achado do San Antoniño** Belarmino Barreiro
- **Alguns Topónimos de Meiro** Gonzalo Navaza
- **Restauración do Muiño** A. C. Cacarexo
- **As agonías das praias** Alfonso Fernández
- **A Noite en que Bob Dylan Actuou no Rural Rock** Salvador Rodríguez
- **Alguén** José Manuel Gómez Torres
- **¿Qué é a vida?** José Manuel Gómez Torres
- **Poema** Lucía Novas
- **Esta noite irei a verte** José Antonio Pastoriza García

- **Edita:** Asociación Sociocultural, Deportiva e Xuvenil de Meiro.

- **Colaboración:** Lgar. Casa da Aldea de Meiro. 36938 Bueu (Pontevedra).

- **Número:** 1

- **Depósito Legal:** PO - 180 - 02

- **Imprime:** Gráficas Numen

A VERBA DO CORVO

Xa fai hoxe un ano que este corvo remontou o seu primeiro voo e agradecido quere celebralo con aqueles os que gracias os seus artigos e co traballo de todos foron dando forma e contido as páxinas valeiras, tecendo o entramado das ás para que comezara a planear o seu primeiro voo, que a árbore que enraizou medre na terra moura de Meiro e se cubra de polas para que os amigos e compañeiros pousen o fráxil corpo, e co peteiro nos alumee e marque o camiño a seguir.

Estes 365 días non foron doados. Aconteceron uns feitos que nos marcaron para sempre e fixeron que os ollos que nos alumeean na faciana destellaran cheos de rabia; un deles foi ver o fozallo feito polo xabarán nas leiras do Casal Gordo e Agrosouto. Parece que lle estaba bo ó dente que voltaron varias noites para ser os primeiros en degustar o millo corvo, ¡que desfeita fixeron!, pola nosa cachola pasou a negra sombra de quedarmos coas mans valeiras despois de tanto traballo e tanta ilusión cativa chegada dos colexios dos arredores, quedar sen o arrecendo da bola corva de porta aberta. Mesmo parece unha carreira de obstáculos onde semella que non hai regras establecidas; os atrancos son cada vez máis, a sumar a unha ringleira de agravios por parte de quen ostenta o poder dende o seu autoritarismo mais vil desprezando a suor de milleiros de antecesoros que viviron do traballo da terra e a sentían como un orgullo.

Na miña lingua, con estes graznidos roucos de tanto berrar : non tanta humillación para Galicia, con dignidade dende a fiestra de Meiro, "Nunca Máis".

Meiro, marzo 2003



LEMBRO DE MEIRO

Seso Portela Villar

Lembro de Meiro aquel val sen o que é hoxe a estrada que sobe a Ermelo, este val que vai dende a Cisterna, a Pedra Alta, a Mesa Dabade, Cudillosa, Ría Trabe, Escobelos, Fontiaga, Fonteña, o Carballo, Sobreira, Chans, Agresouto, Volcoso, Lamas, Barreiros, Liborís, As Mamotas, Fonteouteiro, Leiriñas, Menla, A Pedra, Albaria, Casalgordo, Outeiral, A do Cánibo, Fanaqueira, Pireiros, etc. Todos estes nomes do lugar formaban o que en outro tempo anterior se lle chamou as Veigas de Meiro. Todo este val relativamente grande respecto ós habitantes que había na aldea estaba cheo de gando, sobre todo de bois e de ovellas, e algunhas vacas, pero estas eran as menos. Tamén había gando novo, ó cal había que ensinalo a traballar; por exemplo, ensinalo a tirar do carro, que non era unha tarefa moi doada.

Todos estes lugares dos que falo, todos eran labradío, e sementábase millo. Quedan polo tanto descartados os viñedos e as casas que aparecen agora dende a Portela ata Curros ou Costa Piñeiro.


Lembro o baile de Emilia Estévez cando por San Martiño se facía a festa e se poxaba o millo. Lembro que había un bo montón no medio do baile e alá pola media tarde poxábase e faríase dono del o que máis poxase. Naquel tempo non toda a xente podía dar cartos para a festa e o recurso era dar en especies. Como era lóxico, a especie máis abundante era o millo. Se falo do millo desa época, falo do millo branco, non do que hai agora amarelo de laboratorio ou americano.

En Meiro, dende hai moitos anos, existe o peto de ánimas de San Antonio. É un lugar de paso, encrucillada que parte para a zona norte de Meiro e para a outra parte que vén dende a Portela que pasa por Meiro e segue ata Cela. Chámolle lugar

de paso porque naquel tempo era por onde se ía a Pontevedra e pasarían por aquí os da zona sur do Morrazo.

Como tal encrucillada, era un lugar amplo. Lembro facer a festa do santo no mesmo lugar, na mesma encrucillada, e lembro que a xente encargada ou comprometida de levalo a cabo facía un arco de madeira adornada con buxos ou flores, moi alto, na encrucillada de Barreiros, que era por onde entraban os da Portela, Coiro... Tamén poñían outro en Quintáns. Alí estaba a taberna do señor Pancho. Daquela, había viño bo e os homes esta-

ban atestados de tanta xente que había na taberna a botarlle a parrafada. Por esta parte de Quintáns, viña a xente do Outeiro, da Barraca e de Cela concretamente.



Teño que dicir que a encrucillada foi ampliada para eliminar a curva no vial e o monumento ó santo foi rodado, quedando así tal como está hoxe, que foi máis ou menos sobre dous metros. Este monumento foi rodado e posto tal como está hoxe polos empregados do Concello de Bueu, sendo o alcalde naquel intre Xosé Novas Piñeiro.

Non podo pasar sen dicir nada daquelas primeiras cousas que me chamaron a atención sendo neno. Recordo que tiñan un prezo elevado visto agora dende os meus cincuenta anos, porque os que traían cousas que me chamaban a atención eran emigrantes, persoas que marcharon a Francia, a Holanda, ou a Alemaña, e tiveron que andar cisgados por Europa adiante. Algúns destes homes, cando chegaban de volta a casa, ó entrar no chouso, vían como algúns dos fillos marchaban a correr, porque non sabían quen era aquel home que ía collelos.

Por iso estiven sempre en contra da emigración. Sendo como somos un país desenvolvido segundo din os nosos gobernantes, miren vostedes por onde estes de agora e os que estiveron antes no outro réxime teñen a mesma intención de mandar ós galegos a rodar por aí, ciscados polo mundo adiante. Ante isto temos que dicir: ¡ Basta Xa! ¡Nunca Máis!

O de Nunca Máis agora está de actualidade porque as costas do litoral galego están de loito, e coido que a marea negra tenderá a facer emigrantes e sempre é por culpa dos mesmos: os nosos gobernantes.

As cousas que me chamaron a atención sendo neno destes homes emigrantes foron o magnetófono de Paco de Quintáns (Francisco Chapela), que era capaz de xuntarnos a todos, rapaces e rapazas, no lugar onde vivía que era a encrucillada de Quintáns. Alí pasabamos horas escoitando o barullo que faciamos todos xuntos gravados coas nosas voces; e algún tamén cantaba. Con aquel magnetófono estabamos parviños, quedabamos coa boca aberta. Logo chegou a televisión. As dúas primeiras foron a de Pedro da Caselo (Pedro Costas Lafuente) e mais a de Carmen da Plaza (Carmen Álvarez). Estas dúas eran particulares. Digo isto, porque inmediatamente aparece unha na taberna da Portela, na de Antonio Vaibén (Antonio Villar). Nesta taberna é onde empezamos a ollar a televisión. Cando había fútbol, alá iamos toda a pandilla. Cando había boxeo, que daquela había moito, sobre todo Pedro Carrasco, José Legrá, Urtain, etc, pois nós alí estabamos outra vez. Para nós era todo un acontecemento porque logo estaba “Galas del Sábado”, e un dos fortes era o festival de

Eurovisión, que se pasaba ata moi tarde, ás doce ou á unha da mañá, porque logo a televisión pechaba ata o outro día, ás doce ou á unha da tarde, que non era como agora que está sempre aberta e non serve para nada. Tamén o que me chamou a atención foi ollar a guerra do Vietnam, como aqueles homes se escalazaban uns contra os outros sen que ninguén puxese remedio, que é case o mesmo que agora, só que agora é Bush e daquela era Nixon; a este individuo, un veciño noso chamáballo o Can.

A aldea tamén tivo os seus movementos culturais dende hai tempo, e poño por exemplo as comparsas do 1936 e de antes deste ano, porque a partir de 1936 non volveu a haber outra comparsa ata o ano 2000. Imaxínense vostedes cántos anos houbo que esperar para volver a retomar esta actividade. Mais no ano 2000, xa neste século, apareceron uns mozos e mozas cunha grande forza e entre eles amañáronse. Este ano tamén seguen ensaiando e cantando, e quero dicirlles dende aquí que saiban que a xente do lugar está con eles, sobre todo a xente máis progresista e liberal. Que continúen, porque Os do Pinsel son os que retomaron, os que relevan á aqueles que noutro tempo tiveron que parar de cantar por culpa da desfeita que houbo neste país, esa guerra coa que uns cantos ignorantes estragaron todo. Por iso lles digo Ós do Pinsel que dean boas “pinseladas”, que afinen ben as voces e as gorxas, porque eles están facendo historia.

Somos uns 365 veciños, un máis ou un menos, segundo nacementos e mortes, e estou seguro que moitos destes mozos quedarán a vivir na aldea. Unha aberta a eles e a elas.





PREGÓN DA IV FESTA DO MILLO CORVO-2002

Xosé Vázquez Pintor

Maña xente: moito millo levo e traio dentro da memoria, cando neno. Moito pan de ouro e moreno, que tamén era de centeo. E o sabor a terra que quer auga e viño novo para a mantenza e a palabra dos vellos, aqueles que nos deron a soberanía do orgullo, o sermos fillos da parroquia e do lugar, da aldea. Por esto veño, achégome a Meiro, sobordo a picota da paisaxe que se alza sobre o Mar de Cangas e Bueu, que muda a pel da marabilla verde, outono, primavera, inverno de agochos, cando o forno quece e a artesa garda a bola e o molete, as robadas, o puño de levedar a masa cada tantas horas, despois que o muíño (unha ducia ben fermosa aínda hai na vosa/nosa toponimia) cante no rodicio e na moa, faga fariña de ouriveira, prepare o pó que farta e dá cumprida forza aos brazos do labor de cada día.

Meiro espella hoxe, domingo, vintecatro de marzo, xa primavera e ábrese en fervenzas, cachoeiras, brinquedos de auga, que cando se cabrean nos días infelices son mera, névoa, saba de liño no inverno que anoitece o día, para que as almas calen e lembren o difícil de gardar, a resistencia da fala, o duro oficio. Vivimos arestora a Festa do Alimento Recuperado: o millo corvo.

Din as crónicas ben sabidas que o millo, que é transoceánico, coma os soños da Xeración Nós, coma nós mesmos, chegou ao Morrazo no ano de 1618. E veu cumprido, coa cor da ave dos agoiros, que axexa no colo das árbores benignas, cor negra-azulada. Vós soubestes facelo aquí tanto da familia, tanto da artesa, tanto das veigas e das curtiñas, tanto dos pobres e resistentes na esperanza, que xa é parte substancial desta memoria colectiva que eu hoxe me honro en compartir e pregoar. Cando neno de Quian, a miña aldea, faciamos a escarocha, o que vós

chamades a esfolla, soñabamos en desvestir a raíña da tarde ou do solpor: a mazaroca da cor vermella. Era o sinal da sorte, dos agasallos que chegaban axiña desde calquera lugar de feira ou festa. Esa mentira, coma a dos Santos Reis, que os rapaces recollen cos brazos abertos: nunca os brazos, abondaba o colo dunha mau para un garabullo de rosquillas, unhas poucas chilindradas, uns zapatillos novos, un garsei, unha chaqueta ; Espigha raíña ! Son parte desta memoria que medrou e nunca morre, por eso vola entrego, afoute, ledizoso coma un bico, un pouco antes de papar, engorde, paseniño, o voso pan, os vosos doces, estas chilindradas que no século XXI han ser, teñen que ser, unha das vosas señas de identificación no mundo das permanencias e dos orgullos.

Teño polos bois unha estima case confidente. Boi pai, boi novo, boi vello, boi xugo, boi compañía, boi amigo. Non están as horas deste mundo para labrar a terra coas antigas xugadas, vagarosas, indo pola estrema, abrindo os sucos, a cal e a soma, a rilleira. Abonda unha voz e boi vai e labra distinto, bota peito e fende a tona da terra viciosa que foi monte ou ermo de anos, barbeito. Tamén nesta memoria, vosoutros/as tentades o vello oficio dos labregos todos: armades o arado romano, ides canda o boi, conducides a rella, pintades así a paisaxe feliz das primaveras.

Non hai senón aquí esta liturxia agradecida co pasado. Pode habelo nalgures, aló onde os espacios son máis propicios: chaira, larganza de paso, experimento. Pero non coma vós, case sen sitio onde dar a virada: Boi, be, volve, be, to be, veña be. Esta música de animación na orella do animal totémico de Galicia non se dá xa en ningures tan pequeno, tan cumprido, tanto do íntimo.



PREGÓN DA IV FESTA DO MILLO CORVO-2002

Xosé Vázquez Pintor

Maña xente: moito millo levo e traio dentro da memoria, cando neno. Moito pan de ouro e moreno, que tamén era de centeo. E o sabor a terra que quer auga e viño novo para a mantenza e a palabra dos vellos, aqueles que nos deron a soberanía do orgullo, o sermos fillos da parroquia e do lugar, da aldea. Por esto veño, achégome a Meiro, sobordo a picota da paisaxe que se alza sobre o Mar de Cangas e Bueu, que muda a pel da marabilla verde, outono, primavera, inverno de agochos, cando o forno quece e a artesa garda a bola e o molete, as robadas, o puño de levedar a masa cada tantas horas, despois que o muíño (unha ducia ben fermosa aínda hai na vosa/nosa toponimia) cante no rodicio e na moa, faga fariña de ouriveira, prepare o pó que farta e dá cumprida forza aos brazos do labor de cada día.

Meiro espella hoxe, domingo, vintecatro de marzo, xa primavera e ábrese en fervenzas, cachoeiras, brinquedos de auga, que cando se cabrean nos días infelices son mera, névoa, saba de liño no inverno que anoitece o día, para que as almas calen e lembren o difícil de gardar, a resistencia da fala, o duro oficio. Vivimos arestora a Festa do Alimento Recuperado: o millo corvo.

Din as crónicas ben sabidas que o millo, que é transoceánico, coma os soños da Xeración Nós, coma nós mesmos, chegou ao Morrazo no ano de 1618. E veu cumprido, coa cor da ave dos agoiros, que axexa no colo das árbores benignas, cor negra-azulada. Vós soubestes facelo aquí tanto da familia, tanto da artesa, tanto das veigas e das curtiñas, tanto dos pobres e resistentes na esperanza, que xa é parte substancial desta memoria colectiva que eu hoxe me honro en compartir e pregoar. Cando neno de Quian, a miña aldea, faciamos a escarocha, o que vós

chamades a esfolla, soñabamos en desvestir a raíña da tarde ou do solpor: a mazaroca da cor vermella. Era o sinal da sorte, dos agasallos que chegaban axiña desde calquera lugar de feira ou festa. Esa mentira, coma a dos Santos Reis, que os rapaces recollen cos brazos abertos: nunca os brazos, abondaba o colo dunha mau para un garabullo de rosquillas, unhas poucas chilindradas, uns zapatillos novos, un garsei, unha chaqueta ; Espigha raíña ! Son parte desta memoria que medrou e nunca morre, por eso vola entrego, afoute, ledizoso coma un bico, un pouco antes de papar, engorde, paseniño, o voso pan, os vosos doces, estas chilindradas que no século XXI han ser, teñen que ser, unha das vosas señas de identificación no mundo das permanencias e dos orgullos.

Teño polos bois unha estima case confidente. Boi pai, boi novo, boi vello, boi xugo, boi compañía, boi amigo. Non están as horas deste mundo para labrar a terra coas antigas xugadas, vagarosas, indo pola estrema, abrindo os sucos, a cal e a soma, a rilleira. Abonda unha voz e boi vai e labra distinto, bota peito e fende a tona da terra viciosa que foi monte ou ermo de anos, barbeito. Tamén nesta memoria, vosoutros/as tentades o vello oficio dos labregos todos: armades o arado romano, ides canda o boi, conducides a rella, pintades así a paisaxe feliz das primaveras.

Non hai senón aquí esta liturxia agradecida co pasado. Pode habelo nalgures, aló onde os espacios son máis propicios: chaira, larganza de paso, experimento. Pero non coma vós, case sen sitio onde dar a virada: Boi, be, volve, be, to be, veña be. Esta música de animación na orella do animal totémico de Galicia non se dá xa en ningures tan pequeno, tan cumprido, tanto do íntimo.

Hánvolo agradecer tamén, desde o transo-
céano do Alemparte, Johan Carballeira, Cruz
Gallástegui Unamuno, e os amigos todos da
Misión Biolóxica de Galicia e do Sindicato
de Productores de Semente, que vos fornece-
ron de palabra e de oficio. Por eles cómpre
brindarmos co voso viño neghrón, que tanto
amades, co primeiro tinto de Cela, co primei-
ro bocado que amasaron as vosas maus lim-
pas, ollando todas/os estas valigotas que vos
viron nacer tan merecentes, mulleres e
homes de Meiro, que tedes a forza dos vosos
nomes de nación nunha toponimia fermosa,

heroica e resistente aos esquecementos de
hoxendía: digo con vosoutras/os: Albaria,
Bandín, Cabanouro, Capoeira, Casela,
Cortiñas, Fondeaga, Fontesecca, Hermelo,
Larega, Meiro, Moíños, Pedra Alta, Pedra da
Cuita, Quiñón, Río do Frade, Salcidos,
Sobreira, Tomadiña, Xestoso,
Xunqueira....Por dicir uns poucos, mínimos
afectos que arestora recollo da herdanza dos
vosos vellos: Nais e Pais, sempre varudos,
fortes, bos coa Terra e co Mar de Galicia,
Agradecidos.

Baixa polo Canudo a moita historia da brétema

a recibir o canto dos choutos no reducio

incesante: na reboreda palabras de auga.

Move a pedra, baila, referve, tragoa o gran

e hai fariña de ouro que se agranda en aloumiño.

Sabe a terra convencer para que as maus a labren

e arestora da mañá, en dando as doce vellas

polo reloxo do sol, presentan Carme e Pepa

o pan do día, a bola reclamada na mesa

pola voz da Casa que acorda do soño incerto

nun cacarexo alegre de Pai lonxe, no Mar.

Saúde eterna.

XVP

Meiro, 24 de marzo do 2002, domingo de mañá soleada.



PAN

Marga do Val

E foi Ceres quen descubriu o pan, aquela que no inicio dos tempos reinaba en Sicilia inventou o arado e con el fixo regos na terra e amansou os bois bravos. A terra estaba lista e o seu pobo alimentábase de landras e foi entón cando ela lle ensinou a sementar. Terra lisa, bótase a semente e xorde o milagre que cómpre coidar, trigo que nacía e que ela lle aprendeu a retirar o gran e facelo fariña. Pedras grandes que converteu en muíño, fariña amasada que coceu no forno para darlle a proba do pan. Pan que lle tirou a fame e o sentou na mesa, levouno a vivir en parroquias e a construír casas. Pobo feito de pan.

Ovidio, poeta e home, lémbrese de Telus, que personifica a terra cultivábel, e faina formar parella con Ceres, deusa das sementes, e vailles chamar ás dúas “nais dos cultivos”. O poeta sabe que co labor de entre as dúas nacen as colleitas. Catro días despois dos Fordicidia, festas da deusa Telus, que se celebraban o 15 de abril e na que se inmolaba unha vaca preñada, o pobo festexaba a Ceres coa Cerialia. Pola segunda metade de xaneiro nas feriae sementinae as dúas deusas ían xuntas e en certas ofrendas que facían as mozas cando ían casar ou nun ritual de defuntos que obrigaba á familia dun morto insepulto a ofrecer a Telus e Ceres unha porca para purificarse. As mulleres, corpo-terra, para daren froito e os mortos-corpos haberán de volver á terra para desfacerse e ser só po.

O poetas, amigos moitas veces de aventuras, crearon o mito do rapto de Ceres por Plutón, o deus do inferno. O certo é que aquela muller que no inicio dos tempos reinaba en Sicilia foi venerada como a deusa dos cereais, ela a muller que amasara o pan.

A finais do século XIX unha nena petaba nas portas para pedir un anaco de pan, un anaco de pan

que lle matase o ratiño que lle roía na boca do estómago. Chamábase Agustina e unha noite viña de pedir e Venancio, o zapateiro, saltou enriba dela e deixouna media morta, os anacos de pan rolaron e ciscáronse polo monte, ficou para sempre estéril e desa semente de aldraxe a nena renaceu en Carolina Otero que quixo esquecer á pobre Agustina. Cando era vella en Niza Carolina dáballe o pan que nunca esquecera ás pombas.

Había mans erguidas que pedían pan e a pintora Maruxa Mallo levounas a un cadro e nacéronlle trigo dos seus dedos. Mans e caras de mulleres. Sorpresa do trigo que Maruxa levou ao seu exilio cando houbo tantas mortes no 36, e logo tanta falta de pan.

E un día viñera o millo de América, polo mar, como veñen tantas cousas e tanto pan, e dende entón fálase de regas, de amores, de preitos, de mortes e de fillos entre o millo. E logo de muiñadas e de fariña milla e das horas de moer. Moer, amasar, agardar a que medre a masa, que levede, quecer o forno, meter o pan e pecharlle a porta con bosta. Pan dos tempos da fame, pan da riqueza. E o outro millo, coitado, o que serve para que o leven os corvos, o de segunda, amorosiño, sacrificado como as nais e o que vai primeiro para o forno, coa porta aberta nunha primeira bola para tirarlle esa calor que hai de máis. Logo virán as bonitiñas.

Pan de millo corvo, humilde, amasado e celebrado en empanadas, en pan. Saúde para quen te salvou da morte. Saúde e fortuna para Meiro.

Pan aloumiño sabio nacido na terra para quecer as gorkas e o corpo todo. Que non nos falte. Que non lles falte á xente do mar. Nunca máis.



O CARRO DO PAÍS

Salvador Bernárdez

Chamábase así, non sei en base a qué, porque había moitas diferencias dentro da propia Galicia. Aquí as reses ían enxugadas polo pescozo, con arcos de madeira de carballo, redondos e curvados ó vapor, e neutros sitios eran dous tacos de calquera madeira cadrados ou rectangulares, unidos por abaixo con unha correa de coiro.

As rodas eran de carballo de ollo de sapo, chamábase así, porque era centenario e tiña tantos nós que era imposible que rachase, neutros lados eran de ferro con radios.

Aquí como xa dixen, o gando enxugábase polo pescozo, e neutros lados facían pola testa. Pero, eso si, as rodas sempre ían fixas ó eixo e nunca xiratorias, porque, doutra maneira, nos camiños empedrados como Deus os dera, golpearían a cabezalla nas reses, o que faría imposible a arte do carreio.

Agora pásolle a contar a historia dos dous amigos entrañables e carreteiros, naturais dunha aldea do Morrazo. E deles aprenderemos moitas cousas máis do carro.

A historia é real, os nomes son cambiados deliberadamente.

Estes eran, Ramiro Bermúdez e Anxo Gómez, émbolos dous fillos de labregos de toda a vida e tamén, os dous, compoñentes de familias numerosas. Ramiro era o único home de entre cinco irmás mulleres e Anxo Gómez tiña outro irmán home entre tamén cinco mulleres; isto vén a conto, porque dámos unha idea do sacrificio que lles supuña poder sobrevivir naqueles tempos.

Foron crecendo entre os aparellos de labranza, xa que supuña case o único medio de vida o que gañaban coa labranza e co carreio, agás do que, moi pouco, gañaban os seus pais cando

baixaban a Bueu a tirar a arte, nas praias de Portomaior, Beluso o una Banda do Río.


Cando os seus pais foron collendo anos, tiveron que ser eles os que colleron a carga do traballo, propio e alleo sos, ou, todo o máis, coa axuda dalgunha das súas irmás. O de alleos era a labranza para os veciños que non tiñan aparellos para facelos, onde gañaban algún diñeiro, cobraban por ferrado labrado, algunha xente, por non ter cartos, ás veces pagáballes coas gracias. Cando pasaba o tempo da labranza, de cuíos aparellos falaremos en outro apartado, gañaban o sustento carrexando madeira do monte e pedra das canteiras, a obra feita, isto quere dicir que tiñan que traballar moi duro para sacar o suficiente. Moitas veces procuraban ir xuntos para axudarse mutuamente, pero outras tiñan encargos separados, entón viñan os problemas porque o carro transportaba unha carga de entre oitocentos quilos a mil douscentos, segundo como fosen os bois e os camiños tiñan que cargar e descargar. Moitas veces estaban tan cansos, que se deitaban a durmir no carro libre e só esperaban cando os bois paraban o carro, ás veces no sitio de cargar e outras no quinteiro, pois os bois por calisquera instinto buscaban a corte.

Para cargar, se estaban sos e as pedras ou os paus eran moi grandes, facían sempre coa axuda dos bois, soltaban o timueiro –a correa de coiro que ata o xugo á cabezalla– poñendo o carro sempre máis alto ou á mesma altura que os paus e nivelado, collían a corda do carro, que non usaban para outra cousa que non fose para amarrar a carga do carro, por iso se chamaba corda do carro, un chicote atábano á parte dianteira á altura do carredouro, e o outro á parte traseira, por detrás da roda, logo pasaban o seo da corda por debaixo do rolo e atábano ó xugo dos bois que estaban ó outro lado do carro, poñíanlle dúas pancas ó carro, máis ou menos longas para que a subida non fose moi brusca e logo a voz de “tira” ía boleado o pau guiado polo home ata que caía no carro, logo a voz de “juó” paraban os bois. Esta manobra repetíase tantas veces como fíxese falta ata ter o carro cargado.

O carredouro: é un aparello que vai metido na cabezalla con buraco cadrado para que non xire, e a misión del son varias, faille o formato o carro na parte dianteira, evita que os bois que se botaban nos camiños apertados, se tombasen enriba da cabezalla, á súa vez, tamén evitaba que, os que se tiraban, se metesen debaixo dela. Estes dous termos, refírense a que, cando o camiño era estreito, algúns bois, non todos, tomábanlle medo ós muros q empurraban para dentro, de tal forma que, algunhas veces subían polo muro arriba, entón, o carredouro poñíase no lombo e non o deixaba subir-

sabía cal era o máis forte dos dous, non sei se o souberon eles, os demais creo que non o souberon nunca, polo que, as pedras e os rolos, que para outros eran moi pesados, para eles non o eran cargábanas á man.

Para levantar a cabezalla á altura dos bois, para poder atar o timueiro de novo, era unha proba de esforzo, eles calculaban se poderían ou non, algunhas veces deixaban unha das pedras bastante atrás para poder levantalo e logo correla para adiante unha vez a cabezalla enriba do tente mozo, panca



se máis. O efecto contrario era tirar para fóra, e era cando o peso os vencía, sobre todo por cansazo, ata, ás veces caer debaixo do carro, o que evitaba a zapata do carredouro ó tropezarlle nas pernas.

Cando a carga era pedra, entón a postura do carro era ó revés; facíano nun terreo costaneiro, enterrándolle a roda da parte alta ata case tocar co chideiro –piso do carro- no chan, arrastraban as pedras coa cadea ata situalas ó lado do carro na parte alta, poñían as pancas e logo repetían a manobra que empreñaban para cargar a madeira, hai que sublimar que, destes dous amigos non se

que vai colgada cunha argola case debaixo do xugo q que mantén a cabezalla á altura dos bois, temos que saber que era a carga de dous bois que podían cunha tonelada nos seus pescozos e que, se a carga era derrodeira- traseira- os bois, ó non sentir peso enriba non tiraban, sobre todo, costa arriba.

Pero non sempre lles saían ben as cousas ós carreteiros.

Unha mañá estaba Anxo Gómez cargando as pedras no monte, por atoparse só, despois de arrastrar e cargar as pedras máis pesadas polo método

citado anteriormente, unha que non lle pareceu grande, colleuna pola cabeza e foina arrastrando monte abaixo, pero antes de cegar ó carro meteu un pé nun buraco que estaba tapado con carrascos e toxos —estas trampas tiña o monte— e caeulle enriba. Como non cegaba para comer, a nai preguntoulle ó seu amigo Ramiro. Foron alá e topárono deitado, respirando mal, porque a pedra caéralle no peito.

Este percance deixouno bastante mermado de forzas e, sumado con outro que tivo tempo máis tarde, aínda que non de tipo laboral, quedou tan mal de saúde, que morreu bastante mozo.

Ramiro Bermúdez seguiu traballando e, xa casado e con fillos, explicoulles todo o que puido para que eles puidesen sucedelo máis adiante.

O contacto onde xiraba o eixo era obxecto de moita atención e coñecemento no terreo desta ciencia, porque, rozando dúas madeiras con mil douscentos quilos enriba, máis o peso da propia madeira, era cuestión de cálculo. Primeiro, a s madeiras eran especiais, os eixos mellores eran de laranxeiro e de cerdeira, aínda que como era moi escaso, facían tamén de outros paus como o arca-cio. O coucon, coxinete que apoiaba no eixo e mais as Empeladuras —pezas que suxeitaban o eixo por diante e por detrás, e ademais cerraban abaixo para que, ó volcar o carro —cosa que ocorría por accidente con bastante frecuencia— tamén levantase as rodas e fixesen de contrapeso, eran de pau de figueira, isto era así, porque son madeiras autoengrasantes, pero tamén era moi importante a cantidade de superficie de roce. Da efectividade de todo isto dependía que o carro cantase ben ou botase fume. Había un cantar popular que dicía:

Se queres que o carro cante,

miña prima Manuela.

Se queres que o carro cante,

dálle cebo de cadela.

Non sei que credibilidade tiña o cantar co

cebo dese animal, pero o certo era que o que lle daban era xabón, e non cebo, porque o que había era de carneiro e non era bo, ademais de soportar o peso, tamén tiñan que apertarlle as torniquetes das empeladuras para que frease baixando, se non podían usar a retranca —freo, porque, como lle pasaba a Ramiro e a Anxo, ían sen axudante.

A retranca era un pau transversal que, colocado con dous arames detrás das rodas, levaba unha ou dúas voltas de carda o eixo, de maneira que, ó tirar da corda o xiro do eixo apertaba o pau contra a roda e freaba, pero, como se metía no ángulo que queda entre a roda e o chideiro, empuxaba este cara arriba e facía a carga dianteira co perigo de que os bois, por exceso de peso, e o ángulo do carro, por efecto da pendente do camiño ó sumarlle este problema podían irse a terra —dicíase así cando caían de xeonllos. Se isto ocorría era un dos accidentes máis perigosos, porque os bois, por eles sos non se podían levantar, había que cortar os arcos ou o timoeiro e sacalos de debaixo. Para iso, e para cortar un pau que estorbase no monte, un bo carreteiro nunca ía sen machada.

Este carros chamados do país, empezaron en decadencia coa industrialización despois da guerra. Por unha parte, persoas como Ramón Bermúdez empezaron a traballar en empresas, neste caso, fábrica de conservas, e, por outra, a cegada de camións e guindastres que facían máis fácil a vida das persoas. Con todo, o carro aínda tería unha importante adaptación na década dos anos corenta e parte dos cincuenta.

Con motivo do asfalto nas estradas —piche— tiveron que aumentar o ancho da ferraxe —lamia de ferro que protexe a roda do excesivo desgaste. Antes era de sete centímetros, aproximadamente, e pasou a ser de entre nove e dez, porque, ó ser tan estreita, rachaba o asfalto. Ademais había que revisar moito os botoques —cravos que fixan a ferraxe coa madeira da roda, para que non saísen para fóra se non querían levar unha multa do camiñeiro —gardían da zona de estrada. Esta ferraxe ancha tiña unhas vantaxes moi importantes e eran, segundo creo, que non rompían tanto os pisos dos camiños, duraban máis os paus de retranca —freo—, xa que, ó ser máis ancho non se cravaba tanto na

madeira. Pero o gran problema era que se atascaba nas rodeiras –canles-, nas laxes dos camiños. Estas rodeiras podían ser feitas só polos carros axudadas pola auga, ou iniciadas e mantidas pola man do home. Cando un camiño discorría por sitios de pedras naturais, estas podían ser de diferentes formas. Cando unha laxo o atravesaba total ou parcialmente e dun lado baixaba demasiado respecto do outro, picábanlle do lado máis alto co pico de canteiro, de forma que o carro pasaba máis nivelado e, a súa vez, facíalle de raíl para que non esvarase de través, porque podían asirse do camiño ou pegarse contra o muro, claro. A forza de pasar os carros e a auga durante moitos anos, facíase unha canle tan fonda que despois tiñan que ir a picarlle na parte alta para que non tocasse no eixo do carro. Ben, pois o problema máis grande da ferraxe ancha foi que, ó pasar o carro, sobre todo cargado, atascaba e arrancaba a ferraxe de madeira, co problema engadido de que, ó saír o botoque do buraco, xa non se podía meter no mesmo burato, había que descravala toda e cambiarlle de posición para que coincidisen os buratos en diferente sitio, o que provoca que, ó facelo un número determinado de veces a roda xa non servía, había que facer todo o sistema de novo, rodas e eixo, quizás tan difícil como hoxe cambiarlle o motor ó tractor, dada a precariedade daqueles tempos.

Se, como queda dito, cargar o carro con materiais pesados era difícil e artesanal, cos liviáns facían verdadeiras obras de arte: palla, herba seca e, sobre todo, o toxo. Este último tiña o agravante que se cargaba no monte e os camiños normalmente eran peores.

A faena era a seguinte: íase a cachar. Para que hoxe nos deamos conta, o cachar era cavar no toxo coa eixada, ó que non saiba o qué é dirémoslle que é a que usan os albaneis para amasar, pero afiada coidadosamente; cortaba o toxo, o paúlo e as carrascas que o rodeaban. O bo cachador distinguíase moito do que non o era tanto nada máis mirar o chan que deixaba un e mais o outro. Despois de cachado, deixábase muchar –serenar durante uns días, dependendo da meteoroloxía. Conviña que o toxo estivese dócil, pero sen cegar a secarse, e despois empaveábase, facíanse rodas de toxo coa gancha, ferramenta con dous ganchos

de ferro e mango de madeira, ben calcadas, parecidas ás mós do orno ou canastro, como lle chamaban noutras partes. Logo, o día de cargar collíanse estas pabeas coa galla –tridente de madeira natural- que tiña os tres dentes en diferente plano, ou dous no mesmo plano e o terceiro diferente. Íanse enxartando nos fungueiros –paus ou estacas que circundaban o carro e que estaban fixados ó chideiro, nun buraco cadrado para que non xirase, para manter en todo momento o xeito no seu contorno, máis baixos os traseiros e máis altos os de diante e terminados todos en punta, precisamente para que as pabeas se cravasen ben, metade para dentro e metade para fóra, aproximadamente, segundo o ancho do camiño. Terminado o amarrado o carro era máis unha peza de museo que algunhas persoas coma min desecaríamos ter para admirar de vez en cando. Visto desde arriba presentaba un paralelogramo tan perfecto que non se miraban nin o carro nin as reses nin tampouco a persoa que conducía os bois. Visto por detrás, era un prisma cadrado de aproximadamente dous metros de ancho por tres de alto. Por diante víase igual que por detrás pero con vaciado perfecto para os bois. As rodas case nunca se vían desde ningunha parte. Cando se terminaba de cargar e amarrar, deixábase un ou dous ramais de corda para aguantar para o lado contrario a onde se puidese tombar. Isto dános idea de cómo podían baixar por un camiño que, na maioría das veces, non eran reparados en varios anos, soamente o amaño dunha pedra ou un terrón ó pasar o carreteiro. O tempo que podían empregar para recorrer unha distancia de cinco-cientos metros era imprevisible, pero podían pasar horas. Se se lle tombaba, entón había traballo para outro día enteiro, porque, se estaban lonxe da casa tiñan que descargarlo, poñelo dereito e volvelo a cargar. Claro, para estes casos case sempre se impoñía a solidariedade veciñal e non tiñan que facelo, porque ían varios carros e, antes de que caese a noite, solucionaban o problema.



¿ QUEN MANCOU O MILLO AQUÍ ?

Xosé Vázquez Pintor

Andou o xabarán de paso e fames polas veigas de Morrazo, cando a noite agocha. Leva consigo a inocencia do instinto e vai fozando a terra, crebando as canas, metendo o dente no millo corvo de Meiro. E se non hai pecado e todo se perdoo cando a fame pode, arestora - outono noviño do 2002 - a paisaxe estragada dos maízos pide palabras de aviso para o porco bravo

é que existe a presunción da inocencia, ata que o macho ronque ou apareza só para se acusar, vindo pola Albaria, no Cabanouro, nas Curtiñas, no Quiñón ou no Xestoso...E beba logo moito e ben no Río do Frade ou no Canudo, ata penar as arrou-tadas e o desleixo na Pedra da Cuita, coma os namorados penan de Amor. Velaí o xabarán pagando en soedade todo o millo corvo que venceu



que baixa da curota de Hermelo sen licencia, ousado e brutallán, coma o señor de outrora rompía as leises e os valados para se valer de vez nas casas do soño e do traballo. Acaso non foi adrede a súa intención. Acaso os fillos se desmandaran dos seus pais e pintaran as da cana verde coma un xogo ruín sobre o lenzo da terra asucada. Acaso un macho ciumento e desamado polo harén foi levando a furia e a ira aldea abaixo, monte arriba, dando forza ao fuciño e ao dente, cando o que tiña que dar era a cara e mover o cu para que as femias atenderan que aínda el era aquel don Eu. Non se sabe nunca a senrazón, porque a noite garda e cala, non aparecen as imaxes no rexistro dos ollos automáticos das estrelas, tan altas e tan lonxe. Por iso

naquela noite de furanchos. Abonda xa de culpalo máis e perseguilo cos balotes e as forquitas, cos dous cans palleiros e os dous mil de raza que lle ladran a guerra coma bush, o tal. Deixádeo: macho xabarán quer pagar todos os estragos e poida que na Pedra Alta das liñaxes se entregue de vez. E teñades o seu corpo e alma rotos sobor do verde-llo, disposto para a venda da exclusiva, e a cabeza enorme coas navallas abertas, esas que mandan e brillan, as que pelexan, as que se afian nos toros dos carballos: armas brancas que un non ten. Levádeo convosco para o museo do bar, que beba e que cante, que ulisque o noso millo azul, coma paxaro corvo. Dádelle, meus amigos, unha robada de pan.



APONTAMENTOS FOLCLÓRICOS EN TORNO AO MILLO

Xerardo Dasairas

Aínda que nos cancioneros medievais galegos xa se fala de debullar o millo, temos que considerar que este fose o chamado paínzo ou millo miúdo pois todos sabemos que o millo que coñecemos actualmente non apareceu na Galiza ata o século XVII, moito despois da chegada a América de onde procede. A importancia que o millo cobra na alimentación dos galegos fai que pronto substitúa ao maínzo e mesmo á castaña que era ata esta o alimento básico das nosas xentes. Coa posterior arribada da pataca, había ser esta quen tomase o relevo nas preferencias alimentarias. Non obstante, a presenza do millo continuaría a ser moi importante e disto dá boa fe o abondoso folclore emanado dos labores de sementeira, cava, arada, colleita, esfollada, muiñada e mesmo fornalla. De todas estas labores relacionados co millo quizais é o da esfollada ou escasulada o que maior número de cantigas e coplas tén xerado pois onde se celebraba alcanzaba o rango dunha festa semellante á dos fiadeiros.

Ademais de coplas e cantigas, o millo tamén deu lugar a numerosos refráns, adiviñas e remedios de medicina popular contra diversas enfermidades. Sen pretendemos esgotar o tema aí vai unha escolma que só pretende ser introductoria para posteriores aportacións:

Coplas e cantigas

Sementei millo miudo
No colo dunha rapaza
Deixaime marchar de aquí
Antes de que o millo naza

Este ano sementei millo
Na restreba e no nabal
Se me nace din que é sorte
Se non, non sei traballar.
Sachade ben sachadoras,
Sachade ben o meu millo
Se non queda ben sachado
¡que farei prao San Martiño!

Ata a folla do millo
sabe tamén picardía
garda o orballo da noite
para beber polo día.

Heime de ir casar aos portos
Que din que hai moito millo
Máis che vale morrer de fame
Que casar cun barrosiño

Casaime, meu pai, casaime,
entanto son rapariga,
que o millo sachado tarde
non dá pendón nen espiga.
Cando as zorreiras chían
E os carballos zoan
Sabe ben a boroa.

Teño de ir e vir ao Marco
pola colleita do millo,
teño de ir e vir ao Marco
do Marco non me despido.

Auguiña da miña fonte,
maínzo o da miña veiga,
mozas as da miña rua
campás as da miña igrexa.

Eu ben vin nacer o sol
entre as follas do millo
Eu, anque queira non podo
separarte do sentido.

Miña ama do inverno
alugai-me polo verán
para vos sachar o millo
epara comer o pan.

Alá vai, alá vai
a raposa polo millo,
ela comer, non o come,
pero vaino sacudindo.

Ti téis moita fantasía
ra, con esas plumas na montei-
o millo e máis a folla
cábenche na cabeceira.

As escrouchiñas do millo
non fan proveito a ninguén;
mandei á muller a elas,
adormeceu e non vén.

O vello perdeu á vella
entre as follas do millo
e agora anda dicindo:
“Perdín o meu agarimo”

Anque me vou, non me vou,
olliños de millo gordo,
anque me vou non me vou,
anque me vou, logo volvo.

Agora que veu o tempo
de facer as esfolladas
comeremos coas nenas
catro castañas asadas.

As esfolladas de noite
non dan proveito a ninguén:
mandei á muller a unha
e esfolláronma tamén.

Non teñas tanta fachendo
con esa túa dianteira
que o millo e mais a folla
cábenche na cabaceira.



Refráns:

Díxolle o millo á terra:

Decrúame tarde, arréndame cedo

E pagareiche o que che debo.

En maio, millo sementado, cal enxoito, cal
mollado.

“Lavada: aos tres días nada”, díxolle o millo
á liñaza; e ela respostoulle: “Nugallón: un mes
debaixodo terrón e aínda se vou ou non”.

Millo ralo na leira e non no carro.

Nen millo engrolado, nen millo queimado.

Non lle deas millo aos paxaros que xa cho comerán eles.

O millo mesto no cesto, o millo raro, na leira e non no carro.

O millo polo San Marcos (marzo), nen nado nen no saco.

O millo rascado enche a cesta e o ferrado.

O pan de millo mantén a fame na casa.

O primeiro millo é dos paxaros.

Se o millo fose pouco, mudalo dun saco nou- tro, dixo a galiña cando falou.

Adiviñas:

¿Que é unha cousiña cousa

Que caendo no río

Van homes con pancas e non a levantan

E vai unha pita e levántaa?

Remedios:

Contra o mal de aire en Verín botábanse nove bicas de millo (especie de bolos sen leva- dura) rezando por cada unha un Pai Noso e un Ave María.

Un gran de millo gardado no peto evita o mareo.

Os carozos colgados do pescozo dos cans evítanlle o moquillo.


As espigas con fillos son boas para as vacas preñadas por vez primeira.

A fariña milla é boa para a erisipela ou estri- bela da pel.

Os carbóns dos carozos ou zuros son efica- ces contra as ulceracións da pel.

Unhas boas mazarocas de millo tamén se lle deixaban antano aos cabalos dos Reis Magos.

Como diurético empréganse as cabeleiras das espigas.





O MILLO CORVO

Antón Patiño Regueira

As provincias da Coruña e de Pontevedra eran as que soportaban a maior cantidade de cultivo de millo en Galicia, logo a de Lugo (onde colleitaba o gran de centeo en maior medida) e o resto de millo na provincia de Ourense era moi escaso.

Nos arredores da Coruña, onde tiven a miña nenez, nas Agrads do Orzán, da Bragúa, Gatón-Bens, Meicende, Vioño-Torre das Vellas, A Grela; estas Agrads onde se cultivaba tanto gran de millo e, que daban tanto traballo e xornais os “veigueiros” que dende as montañas de Carballo, Vimianzo, Coristanco se xuntaban na Praza de Pontevedra na Coruña debaixo dun eucalipto centenario... e que a dictadura de Franco derribou aló polo ano 1950. Colgaban eixadas, legóns e fouces os veigueiros das ramares baixas daquel eucalipto singular, de onde tamén pendían os envoltorios de pan-broa e touciño para matar a fame entramentras non acadaban o traballo, mantenza e xornais.

As veigas que menciono adicadas a labradío é, que tanta vida daban os veciños, nos arredores da Vila da Coruña, hoxe están urbanizadas e son as

Avenidas de Finisterre e Rúas de Barcelona, Polígonos industriais de Bens, da Grela, Meicende, Ventorrillo e Refinería de Bens.


Voltando na memoria ós tempos da nenez, lembro-me que eramos moitos irmáns e cando rozan-

do a espiga con espiga de millo dábamos debullada unha mazaroca, con aquel carozo debullabamos as outras espigas.

Entramentres que o noso pai debullaba un paxe cheo de espigas nós, tódolos irmáns, non eramos capaces de acadar nin a metade, e iso que eramos máis de dez irmáns.

Curiosamente todo millo preto era separado coidadosamente, e o branco xa ben limpo pasaba a unha artesa, da que durante o ano se ía sacando o necesario para as necesidades de

alimentación da familia e dos bichos de engorde que criabamos para os días das festas. Naturalmente o primeiro millo que se lles daba tanto ós cochos como ás pitas, eran os grans negros que no debullo xa íamos separando; lembro que o noso pai dicía sempre “o gran negro, o do “Tardón”, é para as pitas...”



Aquel gran negro tan desestimado en todo o noso contorno, curiosamente tamén desprezado pola igrexa, que o intitulaban “gran do Demo”, trátase do millo corvo, que en Meiro, rueiro do concello de Bueu, na provincia de Pontevedra, é honrado como o millo de maior calidade na hora da molturación, brandeza e na ricaz degustación, tanto de empanadas, papas, bolos e pan de millo de gran aprecio, e se o xabarl falase, diríanos que sementasemos en toda Galicia soamente o gran negro... ollade se o xabarl ten o “dente” fino..., que cando dá cunha leira sementada de forma mixta, rego de gran branco e, intercalado outro de gran corvo, pois... cando enceta a medrar a mazaroca, moito antes de madurar... sitúase o xabarl na cabeceira do rego e arreo non se vai daquel rego ata que remata na outra punta con todo o millo corvo. Vén de séculos o refrán de que o dente engorda o animal...

Eu recomendaría ós veciños de Meiro que solicitasen das Autoridades da Xunta de Galicia permiso para que, nas datas do cultivo do “millo corvo”, se puidesen matar os xabarís, e, natural-

mente, logo de conxelados unha vez vistos polo veterinario, na festa do Millo Corvo se puidesen ofrecer ós visitantes... que non dubido, Meiro tería moito mais éxito.

O millo e a pataca foron traídos por Colón dende as Américas... fai máis de catro séculos...readaptados ás nosas terras deron moita abundancia de alimentos, que foron solución. Pero sen o saber... viñan con estes grans o coas patacas os fungos chamados *Ustilago maydis* para o millo, e o da pataca chámase: *Phythora infestans*.

Este fungo deu orixe á dispersión dos irlandeses por toda a América do Norte. Pois, nos anos de moita humidade, este fungo prolifera moito, e no almacenamento das patacas fai unha quentura-fermentación que dá en disparar o medro e propagación deste fungo... Non soamente lle pon ás patacas moi mal gusto, senón que cristaliza a pataca, e ó cocer sabe insípida como o nabo, se ben o nabo dá un gusto agradable, aquí é de moi mal gusto.

Fago fincapé nos fungos, por canto o da pataca, non só derrama colleitas enteiras da pataca, senón que é destructor.



Do fungo do millo que os campesiños lle din na provincia da Coruña: “Caruncho” ou “Coruncho” e os da de Lugo e Pontevedra lle din: “Tizón”. En latín está denominado por: Ustilago maydis. Cando está fresco é comestible excelente, córtase en rebandas finas, mestúrase con pirixel e allo, con pemento picante, nunha tixola cun nisco de aceite. Frítese volta con volta, sen chegar a dourar. Ten un sabor dulzón, é grato ó padal, gustoso, e, ó pouco tempo de o comer, o corpo do degustador dá na sensación de placidez, inhibe da canseira... e ve os problemas do traballo con mellor optimismo. Entre os nativos mexicanos que traballan no campo, de feito un mes antes de recoller a colleita do millo naquel país, fan unha recolección do Ustilago maydis, xusto cando está fresco. Xúntanse en todo o rueiro e fan unha gran festa con este fungo, simplemente asado ou frito con picante e aceite. Esta práctica véñena mantendo dende antes da viaxe de Cristobal Colón ás Américas.

Non vale xa para cocíñar cando está seco... E curiosamente me ten falado o patriarca de San Lourenzo de Torbeo (Ribas de Sil – Lugo), D. Manoel Rodríguez Rodríguez, de que con este fungo cortado en rebandas e posto como cataplasma nunha verza... a curandeira Filomena Arias Armesto curaba os abscesos e o ántrax e outras inflamacións con pus.

Tenme dito que os bufos de vello (peidos de lobo ou *Lyconperdum perlatum*) tíñaos colgados de fíos no teito, e cando lle ían cun neno enchagado ou entreperna irritado; cun pouquiño dese po ó día seguinte aparecía curado e sen picores o meniño.

Os meus queridos amigos do rueiro de Meiro tiveron a delicadeza de me vir pedir que lles escribise un artigo sobre o MILLO CORVO. Abofé que o fago con moito gusto, ós meus oitenta e dous anos idos, é que son moi gozosos por canto me

fixeron lembrar da miña nenez e o feliz que fun ata os dezasete anos...en que todos nós soñabamos coas bolboretas e a poesía é un xeneral traidor co Goberno legalmente constituído deu un golpe militar, e con elo ó día seguinte puxo as leis do revés. Pasaron a gobernar os larpeiros e os traballadores e gobernantes foron masacrados nas cunetas das estradas de Galicia.

Inventaron unha nova patria coma un imperio, pasou a desfilar baixo palio aquel anano que se chamou Franco, o xeneral máis ambicioso e déspota do exército español... as rúas de Galicia



déronse en chamar co nome dos asasinios: Juan Canalejo... e para máis inri, na Coruña, aínda a pesares de ter sido publicado e denunciado polo escritor Méndez Ferrín, tamén figura na Sanidade española co nome do Sanatorio Asistencial Juan Canalejo... que por honra deberían suprimir, pois Juan Canalejo foi con Girón de Velasco en Valladolid, os que durante a República andaron dando tiros nas rúas da Coruña e Valladolid..., e outros que con aleivosía e nocturnidade sacaron da súa casa no Morín de Monforte ó que fora primeiro alcalde de Monforte de Lemos, na República, Antonio Vilas, que entre tanto,

Florencio Borrego Vázquez co mecánico do Ferrocarril “O Recalcado” chamaban pola porta de diante... e escondido debaixo do balcón, Antonio Pedrosa Latas con un fusil lle descerrallaba os miolos daquel que fora alcalde de Monforte facía cinco anos, e non exercía xa naquel tempo. Non é de honrados pretender “honrarse” cunha rúa en Ribas de Sil (Lugo), e prego ás autoridades dese concello que poñan no seu lugar o nome de Filomena Arias Armesto, a sabia curandeira que sufriu persecución por aqueles vivos que, o grito de ¡Patria!, fixeron tantos desmáns... e que tanto tempo pasaron por honrados e desfrutaron de tantos honores e prebendas.

Como campesiño que fun na nenez, como home honrado que o fun sempre, prégolles os labregos de Meiro que non lle saquen nin unha soia liña ou palabra a este escrito..., pois moitos dos pescadores de Bueu...foron levados esposados por un diligente falanxista, a quen a Garda Civil llo entregaba os republicanos...Así, un a un, mainiñamente, remada a remada, íaos acercando na media da ría, e lle descerrallaba un tiro na testa acabando coa vida dun honrado home que soñaba libremente.

Voltaba ó cuartel da benemérita coas esposas valeiras, para o día seguinte ser usadas noutros presos veciños das bisbarras do Concello de Bueu. Non vos digo do nome de tan eficiente criminal, porque vós o saberedes ben, por haber sufrido nas parroquias familias a eficacia dun tiro de pistola no medio da Ría de Bueu, guindaba logo o mar o que deran en chamar “fiambres”... que ós quince días aparecía á beira do peirao de pescadores.

Por todos eles que foron honrados veciños, hoxe... despois de sesenta anos idos, é ben recitar este pranto:

PRANTO – in memorian –

Xuventudes libre pensadoras,

republicanos gozosos...

esperanzados a unha nova vida

Mariñeiros do Morrazo,

labradores-pescadores

que foron asasinados...

aleivosamente silenciados

baixo a dictadura franquista.

Meu corazón aínda os chora

coma os das vosas tremecentes familias

que viviron aterradas polo silencio

sufrindo día a día tan ignominosa

INXUSTICIA.

No confín do Mundo

aló encostado Teixido

que aínda despois de 60 anos

agardando por vós

san Andrés da Cova vos dea covillo.



MEIRO, A ALDEA REPUBLICANA. A CULTURA COMO PECADO CAPITAL

Gonzalo Martínez

Coa humilde escusa do gran de millo corvo, os veciños e veciñas do colectivo de Meiro recuperaron e asentaron nos últimos anos unha fórmula para a convivencia. Convertéronse en artífices non só dunha organización para a simple adquisición de saberes, senón, como reivindicaron os clásicos, "dunha vía aberta do pobo para a vida superior do espírito", estreitando lazos a través do traballo e o froito da terra: Compañeiros, com-pan-ñeiros: Os que com- parten o pan.

Ó tempo, converteron esa tarefa cotiá en escola para a vida. Lonxe de trasnoitados catecismos, silabarios e forzadas rimas consonantes que tanto alonxaron ós pobos do saber e mesmo se tornaron en antítese do coñecemento, en Meiro reconverteuse a escola en amigo natural. Organizáronse talleres artesáns; convidáronse cesteiros, labradores, carreiros, que transmiten o saber de tradición oral ó pobo enteiro: homes e mulleres, mozos e vellos; recuperáronse espacios, trebellos e refráns. O forno de pedra, a cociña de lareira, a Cabano e a Jallardo para que abran os sucos onde abrollara a memoria. Viñeron nenos e nenas para garantir unha sementeira cargada de futuro.

O saber fíxose festa. A botánica saíu dos libros para estudiarse no bosque, a agricultura na labranza, a linguaxe na conversa. Mesmo aquel refrán de "corre como neno que sae da escola" trocouse do revés cando se soubo que a escola se converteu en esfollada, debullada ou muiñada na aldea.

Semella un proceso natural, que sempre estivo aí, pero Meiro está a saldar, en só un lustro, un atraso secular. Para non alonxarse tan atrás no tempo, diríase que, cando menos, desde a periferia a aldea reivindícase como bastión republicano: mobilización civil, casa da cultura repleta de tea-

tros e artes varias. A escola na rúa, onde se com- parten traballos con sacrificio e constancia, a ágora como espacio de debate e tamén experiencias, xogos, cancións.... O pobo, autoproclamado protagonista activo da súa propia educación, constructor directo do seu futuro.

En Meiro, o millo é o símbolo da unión e a participación na aldea, como o era nas terras aztecas de América que principiaron o seu cultivo, do que non se libraba nin o rei. Tamén é símbolo do amor: Facendo labirintos entre os pendóns, baixo os palleiros onde se disputaron transcendentais batallas do corazón. Entre as lérias das esfolladas, onde o achado da espiga raíña argumenta outros romances. A carón de ríos campesiños, humildes, que rexeitan a vaidade de aparecer nos mapas. En muíños que garanten o pan dos pobres e gardan en silencio os segredos dos bicos dos amantes.



O pan, os seus camiños, segue a ser o eixo que esquivava as ameazas dunha industrialización que chega a fracturar os vínculos das persoas coa natureza, da que xorden tódolos froitos. Para que abrolle, os ciclos deben ser lentos, poéticos, como o paso dos bois sobre os terróns, a caída do gran escuro sobre o suco, a caricia do sacho, a mirada dos labradores na merenda, o decorrer dos días ata que "por san Cristovo, o millo lle tape as ás ó corvo. Porque, como lembraba un tal Cunqueiro, o pan faino, tanto ou máis que o millo ou a terra en que se asenta, o ceo e a luz, as nubes que pasan, as pegadas dos homes, os corvos que peteiran as espigas nas vésperas da colleita. E as cancións dos recolectores, o abrazo da pedra que prologa a fartura e as mans que amasan a fariña a ritmo de conversa. E que logo reparten, cada inverno en Meiro, o froito que nos une na festa que o celebra.



ESTOU A MIRAR COMO COCEN OS FORNOS DE PAN EN MEIRO

Antón Pais

No momento en que me atopo escribindo estas liñas que os amigos de Meiro me piden estase desenvolvendo un capítulo duna catástrofe ecolóxica que non por menos sabida por moitos de nós non deixa de conmove-las nosas conciencias.

Ven sendo unha especie de crónica duna morte anunciada. Se ben todos temos idea de que todo chega ó seu fin, existe ás veces a sensación de que chega o final dun xeito tan brusco e brutal que é o que nos fai reaccionar e pensar. É o que sucede cando nos pillan desprevidos. O máis normal sería unha despaciosa pero inexorable disolución que vai acontecendo día a día. Todo o que nace algunha vez chegaralle o momento do seu pasamento. É a esencia da vida : un eterno fluír. Desde que a agricultura fixo a súa aparición na Historia xurdiu asemade unha concepción do mundo relacionada có ciclo agrícola . Trátase do que Mircea Eliade denominaba o eterno retorno. O mito da Terra Nai. Un ciclo de tempo no que os primeiros agricultores atopaban semellanzas có ciclo das colleitas dos cultivos que practicaban. Ese foi o punto de partida das grandes civilizacións que apareceron no mundo : China, Exipto, Mesopotamia..., de onde se espallou ata configura-las raíces da nosa civilización occidental contemporánea.

Ata tal punto esta inscrita no noso legado común que non lembramos que o significado orixinario de cultura é o de cultivo. Unha actividade que á semellanza da agricultura ten as súas fases de sementeira, colleita , almacenamento e consumo do produto..

Por iso mesmo , tamén, ignoramos que o transcendental paso da economía de caza-recolección á

da agricultura tivo lugar en comunidades campesiñas que vivían en pequenas aldeas. Dese inicio xurdiron as cidades e o mundo que nos herdaron. Pero xa para verse transformado sen remisión polo empuxe da civilización urbana industrial.

Sen embargo ese antigo mundo e esa concepción do mundo non desapareceu totalmente da nosa civilización occidental. Claro está, xa non é o dominante pero con todo sobrevive e resístese a desaparecer por enteiro. Non é xa como antes. Así a produción dos alimentos e bens de consumo está xa dentro dun proceso económico industrial de mercado do cal o máximo emblema sería a fábrica e o lugar da súa adquisición o supermercado. Sempre me sorprende que no mundo de hoxe as novas xeracións puidesen ignorar, en especial se viven nas grandes urbes, cousas como que o leite que toman non o producen as fábricas senón uns animais que son as vacas. Digo que me sorprende e en realidade estou mentindo un pouco .A miña xeración é a da televisión e ás veces aprendiamos moitas cousas da natureza a través dela, cando ás veces estábamos inmersos nela sen darnos de conta. E comprobábase que as cousas que alí víamos eran como na televisión e non ó revés que era como moitos dos maiores tiñan a súa perspectiva.

Hoxe penso que este proceso que nos pasamos aínda está máis agudizado nas novas xeracións. A conclusión que podemos sacar sen máis demora é a de que globalmente estamos perdendo o contacto coa natureza. Agora este vese xa como un ocio de fin de semana, de tempo libre, de vacacións, en suma, de fóra do noso traballo e ocupación habitual. E case inexorablemente pérdese con ela un respecto, unha identificación do home coa nature-

za na que naceu e deulle tantas vivencias marcándolle de modo imborrable o seu ser. E todo isto implica ás máis das veces un esquecemento das súas raíces e aínda de xeito máis ou menos consciente da súa identidade de procedencia, que con todo existe pasivamente. Niso consiste o sentimento ben galego da saudade, da morriña. O de sentirse separado nun mundo novo ó cal está abocado a integrarse pero que non acaba de ter un sentido fondo para el.

A este súmase o sentimento do chamado “desarraigo urbano”. O sentimento de moitos habitantes que contemplan que unha cidade inmensa rebosa e rebasa a súa completa realización como seres humanos. E resulta especialmente lacerante para aqueles que proviñan doutro mundo máis pequeno e con relacións cara a cara.

Pero non queremos caer en consabidos estereotipos e fáciles maniqueísmos.

Nin todo no mundo rural era bo nin a cidade era a solución histórica para o chamado “progreso”, contra o “atraso” o que significa un desprezo mutuo entre ámbolos dous mundos e universos culturais..

Agora ben, semella que a batalla vaina gañando o mundo urbano e a realidade é que o mundo do campo está sendo abandonado a unha agonía lenta pero certa. ¿ Hai algunha esperanza? ¿ Pode ser que non se rompa a continuidade pola fatalidade histórica que nos vén imposta? Non temos unha resposta segura pero hai signos de que non todo está perdido. Se ben é unha voz aínda feble, vémosla de vez en cando, aquí e alá, subir en intensidade e voces conformando unha polifonía duna obra coral na que a harmonía, o goce pola música, fai sorprenden pola súa autenticidade a propios e estraños. Esta é a metáfora que eu vexo no proceso de creación da festa do millo corvo en Meiro.

A de quen por si mesmos, os veciños e as veciñas de Meiro recobran para nós o espírito comunal do agro que aínda ten que mostrarnos moitas leccións de proveito. O valor do esforzo, o orgullo de ser quén son sen agochalo e expresalo en feitos. A outra vez milagrosa transformación do millo en alimento para nós e non só material, tamén como símbolo. É o mellor exemplo de recuperación da memoria polos seus propios protagonistas sen unha intervención externa. Eles sos e na aldea. Constitúe un modo exemplar de recuperación do patrimonio histórico deles mesmos e por eles mesmos como dicimos e que non se reduce a outra celebración dun produto “gastronómico” o cal se consume como se outra mercancía se tratase. Aínda a risco de seres redundante dígoo ben claro: É algo máis que un produto ou alimento máis.

É algo en esencia humano. Posúe un valor extra superior ó doutro produto ou alimento envasado, plastificado e hermeticamente fechado do andel do hiper das “delicatessen” máis exquisitas. Sen trampa nin cartón. Vemos e podemos participar nos labores que nos fan comprender mellor que unha contemplación / degustación pasiva. Por iso a experiencia que supón o millo corvo é vangardista por facelo ó estilo “real”: non se nos pide a nós en tanto que espectadores que miremos senón que tamén se nos abre a posibilidade de participar no proceso e así, tamén, sentirnos parte da súa identidade.

Como persoa dedicada á revalorización do patrimonio histórico –latu sensu– teño reflexionado noutros campos de traballo sobre os modos de recuperación e posta en valor da nosa memoria histórica. Vexo que nela caemos nun fallo. O de deixarnos levar pola idea de que a creación de museos solucionaríase esta problemática en canto que son institucións específicas para ese fin nas nosas sociedades. Ata tal punto que se chega a concepción tradicional do museo como un fin en

si mesmo. Agora ben, cabe enfocar a problemática doutro ángulo de vista : a musealización do legado histórico-antropológico por outras vías . Explícome. Do que se trataría é o de expoñer unha mensaxe e non só uns obxectos petrificados sen alma, sen vida, e que actúen como transmisores dunha mensaxe enganosamente reductora. O central sería introducilos no seu contexto non como unha certa cultura de museo no seu sentido máis pexorativo, a de lugar de almacenamento de obxectos mortos pasados de moda : antigallas. Tal concepción sendo válida para unhas cantas persoas, os eruditos na materia, non chega ó grande público da maneira en que contemplamos os procesos en acción, en funcionamento.

Non se percibe pasivamente senón que se pode observar ás claras o sentido da autenticidade que o museo tradicional a penas logra transmitir exhibindo uns obxectos mudos. De igual modo que non é o mesmo ler unha vida que vivila confundimos os medios coas finalidades. Desde o punto de vista da patrimonialización unha laboura como a que ven desempeñando a Asociación de Meiro é superior á dunha musealización pasada de moda de ollar tan só. De carteliños dicindo “Non tocar “

“Non fotografar “ e mesmo algunha que outra vez “ Non falar “. Era aquilo de “ Se ve pero no se toca “ ¡ e pobre daquel que ousara facelo !. Aquí se pode aprender facéndoo

directamente aprendendo, pois diso é do que se trata ó cabo, dos seu máximos expertos

os herdeiros naturais desta cultura.

Non fetichizan os feitos , a identidade preséntase en acción , de modo activo, e resucítase todo ese mundo de historias persoais que evocan a súa revitalización.

Por ese motivo o millo corvo é como un museo ó aire libre con senso de re-creación máis próxima á súa orixinaria xenuinidade.

E por ese motivo , como se dicía en Bueu cando alguén estaba coa mirada cara ó lonxe distante e reflexiva eu tamén “estou a mirar como cocen os fornos de pan en Meiro “

Para M.





O achado do San Antoniño de Meiro

Belarmino Barreiro Rosales

No xaneiro de 1997 nas inmediacións da encrucillada da vereda real (GA36004005) que parte para os pagos de Quintáns e Barreiros onde se asenta o peto de ánimas de San Antoniño, cincuenta metros ó sur (paraxes coñecidas como Albarias, As Nogueiras ou A Pedra), don Xosé Suárez Mariño, veciño do lugar do Igrexario da parroquia de San Andrés do Hío localizaba por terceira vez no mesmo lugar un fragmento pertencente a unha terceira ara romana formando parte da caída dun rego de auga de fincas, de corenta e un centímetros de alto, trinta e oito de ancho e vinteún de longo colindante polo sur co solar cunha construción de ladrillo inacabada alí existente na confluencia co actual vial municipal asfaltado que vén da cruz de Menla. Depositada provisionalmente na Casa do Concello de Bueu e entregada en depósito o dous de maio de 1997 (Ref. 903) ó Museo de Pontevedra coa clave GA36004ACH á espera de contar cunha sala especializada en arqueoloxía no futuro museo local Massó, onde puido ser contemplada polos veciños, “ presenta na cara superior unha decoración de dúas molduras a xeito de media cana, entre a que se sitúa o focus. A continuación a ara está decorada con tres toros horizontais que envolven a tódalas caras. Na parte inferior sitúase un campo liso duns dez centímetros de alto no que non se aprecia epígrafe. Se ben a peza encóntrase moi recortada pola cara inferior, non hai dúbida que á ara fáltalle máis da súa metade inferior”. (1)

O fragmento da ara primeira fora localizada dous anos antes formando parte dun muro de pedra do país do mesmo solar polo vento norte a escasa distancia do mesmo vial, presentando unha sección cadrada, posuíndo unha decoración formada por dúas liñas horizontais paralelas que percorren polo menos

tres das catro caras; á altura do tercio superior dunha das caras forntais apréciase unha decoración indeterminada. Non se lle aprecia epígrafe.

O fragmento da ara segunda atopouse polo mesmo estudioso meses antes da terceira no encabezamento do mesmo camiño real trala encrucillada do San Antoniño en dirección norte ós Soutiños, moi posiblemente caída do muro dos predios superiores. Este fragmento si posúe epígrafe de moi difícil lectura e incompleto. Ámbalas dúas estaban baixo a custodia do seu descubridor no momento da redacción do informe. O contexto deste achado en torno a un encravado cultural como é o peto de ánimas nunha encrucillada do camiño real, pero contradecido nos substratos da terra examinada onde quedou clara a inexistencia de cerámicas e outros restos fan pensar que ditas pedras fosen traídas doutros varios emprazamentos que fan perder a pista sobre o inicialmente previsto e orixinario, para formaren parte de muros ou valados. Con todo corrobora unha antigüidade do asentamento poboacional de Meiro, se cadra apuntando a aquela hipótese da súa orixe como vila ou casa de campo romana de semellante antropónimo.

Actualmente queda pendiente a incorporación vía ficha de inventario, á vindeira revisión ou confección do planeamento xeral de ordenación municipal a efectos da súa protección tal e como preveu a Delegación Provincial de Patrimonio.

Torre de Cela, xaneiro e quince de dous mil tres

(1) *Sobre as bases de CARBALLO ARCEO, Xulio.- Extraído do Informe técnico achádego GA36004ACH. Carpeta do xacemento. Inédito. Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Comunicación Social da Xunta de Galicia, Pontevedra, 1997.*



Algúns topónimos de Meiro e arredores

Gonzalo Navaza

Da parroquia de San Martiño de Bueu poseímos desde a Idade Media referencias documentais alusivas aos dereitos ou posesións que tiñan nela o arcebispo de Santiago, os mosteiros de Ermelo, San Xóan de Poio e Armenteira, o arcediagado de Salnés ou o arceprelado de Morrazo. A comezos do século XVII a parroquia de Bueu contaba con 80 fregueses ou veciños (é decir, cerca de 400 habitantes), segundo as Memorias del arzobispado de Santiago (1607) do cardeal Jerónimo de Hoyo. Daquela a maior parte da poboación ocupaba de modo disperso o territorio parroquial, maioritariamente no interior, pois a costa estaba escasamente habitada, e só desde o século XVIII, coa progresiva importancia das actividades pesqueiras e conserverías foi desenvolvéndose no litoral a concentración poboacional que deu lugar ao actual núcleo de Bueu. En 1836, a raíz da división administrativa de Xavier de Burgos, constituíuse o concello de Bueu (que contaba cun breve precedente en 1821, durante o trienio liberal); nesa época xa se localizaba no litoral o núcleo máis habitado da parroquia, razón pola cal que foi escollido como capitalidade municipal.

A mediados do XIX, segundo o Dicionario de P. Madoz (1845), a parroquia de Bueu tiña 420 casas repartidas nos lugares de “el Balado, la Portela, Meiro, la Graña, Outeiro, la Cavidad y la Playa”, ademais dos outros núcleos menores. A poboación era entón de 510 veciños (familias) e 2236 almas (habitantes), das cales unha décima parte habitaba a última localidade das mencionadas, correspondente ao porto e o areal de BUeu, que por Real Cédula de 1856 pasou a adquirir a condición oficial de “villa”.

No século XX a vila continuaría medrando e conformando a súa fisonomía urbana. No nomenclátor de 1910, dos 3875 habitantes da parroquia, unha sexta parte (646) habitaba a

vila, denominada oficialmente nesa data como “La Playa o Bueu”. Anos máis tarde, a vila pasaría a conformar administrativamente unha parroquia autónoma co nome de Bueu (San Martiño), quedando o resto do primitivo do primitivo territorio parroquial como unha parroquia distinta baixo a advocación de “San Martiño de Fóra”. Na actualidade, segundo o Nomenclátor oficial de Galicia, a parroquia denominada “Bueu (San Martiño de Fóra)” está integrada polas entidades de poboación denominadas A Cancelita, A Carrasqueira, A Cividá, O Enleito, A Graña, Loureiro, As Meáns, Meiro, O Norte, O Outeiro, Petís, A Portela, A Ramorta, Soutelo, Trasouto, O Valado, O Viso e Xexide. Damos a continuación un breve comentario destes nomes de lugar:

1. A Cancelita. En aparencia contén un diminutivo do substantivo común galego cancela, de orixe latina, que os dicionarios definen como <<estructura feita xeralmente de táboas separadas, despostas en horizontal e vertical, que se coloca nunca portela para abrir ou pecha-lo paso a unha leira, camiño, etc.>>. É un topónimo moi común en Galicia. O nomenclátor recolle cerca de medio cento de entidades de poboación chamadas (A) Cancela ou (As) Cancelas, e na toponimia menor é tamén moi abundante.

2. A Carrasqueira. É un fitotopónimo, esto é, un nome de lugar relativo á flora. Neste caso trátase dun derivado, mediante o sufixo-eira, de carrasca ou carrasco, nomes de diversas especies vexetais da familia das carqueixas, queiroas e outras plantas arbustivas de monte baixo. O nomenclátor de Galicia recolle máis dunha ducia de lugares chamados A Carrasqueira, ademais doutros derivados como Carrasquedo, Carrascal, etc., todos eles alusivos á presenza ou abundancia de carrascas. En castelán carrasco é nome de certas variedades

de carballo ou aciñeira, mais non parece que esta acepción teña presenza en Galicia, maila figurar nalgúns dicionarios.

3. A Cividá, coma outros topónimos galegos procedentes do latín CIVITATE, é un topónimo de interese arqueolóxico, pois aplicouse habitualmente aos restos de antigos asentamentos castreiros. Moitos dos castros ou citanias espallados pola xeografía galega reciben nomes pertencentes a este tema léxico (A Cidade, Cividáns, A Cidá, A Cidade, Cidadella, Cidadelle, etc.).

4. O Enleito. É un topónimo de orixe e significado pouco transparentes, e só con documentación antiga podería dárselle unha explicación satisfactoria. Na lingua galega medieval, enteleito era unha variante do participio do verbo elixir (elixir): electo, elidido ou eleito. Entre as súas diferentes acepcións cómpres salientar a que levaba a usalo como adxectivo aplicado a dignidades eclesiásticas como bispos e arcebispos desde o momento en que eran designadas ata a toma de posesión no cargo (período que ás veces podía demorarse durante anos) e, por extensión, chegou a empreñarse como equivalente de bispo ou arcebispo, independentemente da toma de posesión. Así, por exemplo, na versión galego-portuguesa da Crónica General de 1344, fálase do “enleito” para referirse ao arcebispo de Toledo:

<<Como el rei do Alfonso ouve grande sanha da raynha e do enleito do Bernardo(...) tanto fez a reynha ao enleito e o amoestou per pallavras, que elle tomou de noite hua grande companha de cavalleiros cristaaos e entrou em enna mizquita mayor de Tolledo e deytou ende fora todallas úgidades que hy estava, per que louvava Maffomede (...) Os mouros, quando esto viro, ouvero dello muy grande pesar, por que lhes passaro a postura que avya com el rei do Affonso, e enviaronsselhe dello queixar. E elle, quando o soube, foy muy sanhudo contra a raynha e contra o enleyto (...) E elle tragia em voontade de quymar a raynha e o enleyto, por que britaro a sua verdade. (...) E el rei pos amor entre os mouros e a raynha e o enleyto.>>

Por esta razón podemos supoñer que se cadra o nome do lugar chamado O Enleito aludiu na súa orixe a propiedades pertencentes á mitra compostelana. No Tombo vermello de don Lope de Mendoza, arcebispo de Santiago na primeira metade do século XV, menciónase entre as propiedades do arcebispado <<En Morraço o celeiro de Ontre ambos los rios>>, un celeiro ou graneiro de localización indeterminada que ben podería situarse nas inmediacións do actual lugar do Enleito. O feito de que tradicionalmente recibise o nome de Río do Bispo o curso fluvial que vai desembocar en Bueu na Banda do Río contribúe a reforzar esta hipótese.

5. A Graña. O latín medieval GRANEA ou GRANIA, derivado de GRANUS “gran, cereal”, deixou abundante presenza na toponimia galega. Unha graña ou granxa era unha explotación agrícola habitualmente dependente dun mosteiro e na cal se almacenaban os froitos das colleitas ou das rendas. Se se tratar dunha graña dependente do mosteiro de Ermelo, a súa creación podería remontarse aos séculos X-XII, pois Ermelo foi fundado-se cadra a partir dun antigo eremitorio- polos monxes composteláns de Antealtares na segunda metade do X.

6. Loureiro. É tamén un fitotopónimo, relativo a presenza ou abundancia da árbore tamén chamada en galego loureiro. Procede do latín tardío LAURARIO, derivado de clásico LAURU.

7. As Meáns contén no seu nome o antigo adxectivo galego meáns, correspondente ao latín MEDIANAS. Podería tratarse dun topónimo dos chamados “de posición relativa”, que neste caso faría alusión á situación do lugar nun termo medio entre dous puntos tomados como referencia.

8. Meiro. É un topónimo de orixe prerromana, derivado da raíz hidronímica indoeuropea *Mer-, como Meira, Mera, Mero, etc., alusivo a un curso fluvial ou á presenza ou abundancia de auga.

9. O Norte é un topónimo de significado transparente, relativo á posición do lugar, situado nun declive orientado cara a ese punto cardinal.

10. O Outeiro contén o substantivo común galego outerio “elevación do terreo”. É un topónimo estendido por todo o noroeste peninsular, tanto en Galicia e o norte de Portugal (outeiro) coma nas rexións veciñas (otero). Corresponde ao latín tardío ALTARUI, derivado de ALTUS “alto”.

11. Petís é un topónimo de orixe e significado escuros en tanto non posuamos documentación antita que permita aclaralos. Semilla conter a raíz indoeuropea PET-, presente en numerosos derivados cos significados de “agudo, puntiagudo” (peto, petón, petouto, peteiro, etc., alusivos ao relevo do terreo ou a formacións pétreas) ou “pequeno” (petiso, petisco, francés pedir, etc.).

12. A Portela. Trátase dun topónimo viario, relativo á rede de comunicacións. Corresponde ao latín PORTELLA, diminutivo de PORTA “paso”, e a designa o lugar por onde o camiño atravesaba un cordal montañoso. É un topónimo moi común en Galicia. Pola Portela pasa o camiño que une Bueu con Cangas, do cal se teñen noticias xa desde a Idade Media (Elisa Ferreira, Los caminos medievales de Galicia, 105): é unha vía transversal que pasaba polos lugares de Cividá e Trasouto e unía dous puntos da vía costeira que partindo de Pontevedra circundaba a península do Morrazo.

13. A Ramorta. O mesmo que neutros topónimos, a falta de documentación antita obríganos a ser cautelosos na explicación do nome deste lugar. Aparentemente contén un segundo elemento que corresponde ao adxectivo MORTA, participio de morrer. O primeiro elemento ra- podería ser un zoónimo ra ou ran < lat. RANA. Se así fose, trataríase dun topónimo anecdótico, paralelo doutros espallados pola xeografía galega como Vacamorta, Boimorto, Mouromorto, Mullermorta, etc., pero en tanto non dispoñamos de documenta-

ción antita debemos manter reservas con esta explicación.

14. Soutelo e Trasouto conteñen o substantivo común souto < latín SALTU, que en orixe designaba un bosque mixto e acabou especializándose como denominación dun bosque de castiñeiros. O primeiro mediante diminutivo (lat. SALTELLU), o segundo precedido da presposición tras-< lat. TRANS. Os topónimos pertencentes a este tema léxico son moi comúns en Galicia, consorte a importancia que tiñan es castañas na alimentación tradicional, antes da chegada a pataca de América.

15. O Valado é o nome común valado <lat. VALLATU “muro de pedra”.

16. O Viso contén o resultado do latín VISSU, participio do verbo VIDERE “ver”, e o seu significado originario é equivalente ao actual vista. É un tema moi común na toponimia galega, e designa lugares elevados desde onde hai unha boa vista panorámica.

17. Xexide é un antropotopónimo, que fai referencia ao nome dun antigo propietario ou fundador. Procede do xenitivo do nome persoal medieval de orixe germánica Gegitus. O uso deste nome está documentado no ano 897 (Piel-Kremer, Hispano-Gotisches Namenbuch 126, p. 151), pero aparentemente deixou de usarse en épocas posteriores, o que sería un indicio da antigüedad do topónimo.

Non figuran no Nomenclátor, ben por considerarse entidades de menor rango ou como parte doutras entidades, algúns núcleos que si figuraban noutras fontes oficiais: Barreiros, Canudo, Casal, Lagoeiro, Liboreiro e Pedreira (que constaban no nomenclátor de 1910), ademais de Currás, a Lagarteira, que se rexistran noutras fontes escritas.

Barreiros é un derivado de barro “arxila”, moi presente en toda a toponimia galega.

Canudo conté o substantivo común galego derivado do latín vulgar hispano CANNUTU, e este derivado CANNA “cana”; aplícase este nome de canudo ou canuto a tubos ou formas cilíndricas de diversos materiais e tamaños; o seu uso na toponimia podería deberse a unha confluencia de auga, que daría nome ao curso fluvial e ao lugar. No Diccionario de Madoz (1845) lemos:

<<Dos son dos ríos que discurren por el término: el uno con el nombre del Canudo, nace en felig de Santiago de ERMelo y sigue su curso en línea recta hasta la playa de esta población, en donde entra el mar, no teniendo en su travesía más que un puente; el otro llamado Portela, porque nace en el lugar de dicho nombre á dist. De _ leg. Lleva la misma dirección, se reúne al anterior antes de su desembocadura en el mar y tiene dos puentecitos ...>>.

Lagoeiro é un derivado de lagoa < lat. LACUNA, aplicado seguramente a terreos alagadizos.

Liboeiro ou Leboeiro corresponde ao latín LEPORARIU, derivado de LEPORE “lebre”, e designa lugares caracterizados pola presenza ou abundancia destes animais.

Pedreira corresponde ao latín PETRARIA, derivado de PETRA “pedra”.

Currás contén o plural de curral <lat. CURRALE, e posiblemente designo una súa orixe construcións ou cercados para o gando.

O nome do lugar chamado A Lagarteira tamén resulta transparente: é un derivado de lagarto, e denomina espazos caracterizados pola presenza ou abundancia destes animais.

Ademais dos precedentes, outros topónimos significativos dos arredores de Meiro son os seguintes:

Bueu contén un radical hidronímico indoeuropeo BUD-, ben alusivo a terreos abundantes

en auga ou ben á vexetación característica deses terreos, formada por xuncos e espadanas (buda é un dos nomes latinos da espadana); o étimo sería probablemente “Budeo”, cun sufixo derivativo -eo; a hipótese máis divulgada, que supón un derivado deste radical mediante un sufixo en -ETU (BUDETU) presenta certa dificultade fonética (esperaríamos Buedo ou Boedo, que si son formas presentes na toponimia galega, pero sería anómalo o resultado Bueu, que na documentación máis antiga que posuímos, da idade media, nunca parece con -d- intervocálico.

O nome de Ermelo contén un diminutivo de ERMO (Lat. EREMU “lugar deserto e afastado, non habitado, non cultivado”).

Cela é o resultado do latín CELLA, e posiblemente alude a un antigo eremitorio ou pequeno mosteiro (paralelo ou dependente do de Ermelo) que estaría na orixe da actual parroquia, que conta cunha igrexa do século XII.

A Esculca procede do latín medieval Skulka “vixía”, palabra de orixe xermánica (en danés actual existe o verbo skulke -estar ao axexo-): trátase dun lugar elevado que domina un amplo territorio de terra e mar, apropiado para a instalación dun servizo de vixilancia.

Paralaia é un termo composto dun primeiro elemento “para”-, alteración de pera ou pedra (Lat. Petra); o segundo elemento, -laia, podería ser resultado de lagena “pedra plana”, voz de orixe prerromana presente no latín tardío do noroeste hispano, que sobrevive no galego actual laxe, laxa.

A Golvada é o resultado do latín Aqua Levata “auga levada”, e designa unha levada ou canalización de auga.



Restauración do Muiño de Fausto-Coiro-Cangas do Morrazo

A. C. Cacarexo

Anosa admiración e aplauso para a fermosa experiencia de Meiro coa recuperación do Millo Corvo.

ANTECEDENTES

Indudablemente os muiños están moi vinculados ó desenvolvemento da agricultura e, sobre de todo, ó cultivo de cereais. A parroquia de Coir, onde vivimos, de economía mixta – pesca e agricultura –, baseada no sector primario, conta na actualidade con arredor de 6.000 habitantes dos 24.400 da totalidade do termo municipal.

Se nos fixamos na documentación dos Muiños de Coiro, estudiada entre outros, polo investigador Lauro X. Pedreira Ares, existen documentos que arrincan polo ano 1.586, é dicir, desde a época de Felipe II. Neste tempo, a existencia de muiños na nosa parroquia viña dada porque as circunstancias xeográficas o facilitaba. Había e hai dúas pequenas cuncas hidrográficas moi ben aproveitadas. Os ríos Bouzós (co seu afluente Das Presas) e Saiñas, constituían unha base axeitada para que se desenvolvesen os muiños.

Na nosa comarca do Morrazo contamos cun documento de Domaio, actualmente concello de Moaña, que polo ano 1.614 xa se cultivaba o mesmo. Un século máis tarde, no coñecido Catastro de Marqués de Ensenada, datado en 1.752, contabilizábanse 32 muiños.

O muiño é unha construción de grande importancia na cultura galega, de amplos valores en relación coa arquitectura popular, no terreo económico, así como nos planos folclórico e social. A documentación indicada amósanos unha serie de feitos que teñen como protagonistas: pleitos, arrendamentos, arranxos, aforamentos, vendas,...., o que ven indicar unha grande actividade económica e social. Arredor dos muiños tamén se van a desenvolver xuntanzas, folclore e todo tipo de manifestacións de lírica popular.

Os muiños do río Bouzós, o máis longo, caudaloso e representativo da parroquia, eran todos sinxelos, de reducio horizontal e dunha ou dúas rodas “negreiras”, agás un no lugar de Reboredo que ten tres rodas, que moían todos os meses do ano.

Os máis de corenta muiños cos que contaba a parroquia hai corenta anos comezaron a desaparecer. Varias causas influiron neste decaemento actual. Como ben comenta a tamén investigadora local, Maribel Barreiro, o cambio na alimentación do pan de millo a prol do pan de trigo; a diminución da cabana gandeira, consumidora tamén en parte destas fariñas (de 200 cabezas censadas hai 30 anos a menos de 10 na actualidade); o cambio de sistema de vida, abandono do campo a prol da industria e servizos, e, por último, a introducción de muiños eléctricos, contribuíron decisivamente á situación de hoxendía.

PROXECTO DE RESTAURACIÓN DO MUIÑO DE FAUSTO

O fin primordialmente didáctico é o eixo fundamental desta iniciativa. Pretendíamos que o proxecto de restauración dun exemplo da arquitectura popular máis representativa da parroquia fose para toda a comunidade vecinal e escolar un fermoso espello de defensa e recuperación do patrimonio histórico-cultural do entorno, de dignificación dos valores do seu medio. E así, arredor dun centro educativo, a principios do ano 1989, implicados profesores, pais e colectivos parroquiais, foi madurando a idea que tamén conlevaba uns claros obxectivos dirixidos ós máis pequenos.

Profesorado, Pais, Xunta de Montes Veciñais, sensibilizados por este pensamento, estudaron conxuntamente as posibilidades de restaurar un muiño. As condicións de proximidade e accesibilidade ó centro escolar, o estado da construción, a boa disposición dos abondosos e xenerosos propietarios e propietarias, foron factores que se tiveron en conta á hora de tomar unha decisión.

O muiño a restaurar está localizado entre os barrios de A Rosada e de A Devesa. A configuración do mesmo é relevante co entorno e a paisaxe, e comunica a través dun camiño coa Fonte das Ameneiras. O seu nome popular é "de Fausto", construído aproximadamente cara 1.890, denominación que recibe do seu homónimo, propietario usufrutuário no seu tempo. Tamén se coñece polo Muiño de A Rosada.

Toda aquela ilusión quedaba plasmada no xa indicado carácter didáctico deste Proxecto de Restauración. Varios e importantes aspectos contemplábanse no mesmo. Primeiramente o inicio dun Catálogo Histórico-Artístico de ámbito parroquial. En segundo lugar, a creación dun Museo do Muiño, nunha primeira sala, onde se recollerían utensilios e instrumentos relacionados con esta forma tradicional (prendas, medidas,...), o arquivo, inventario e catalogación destas construcións, un panel didáctico do seu funcionamento, arquivo fotográfico, literatura oral e musical,.. As visitas programadas coas súas correspondentes actividades, así como a aprendizaxe do seu funcionamento a cargo dos veciños muiñeiros que se prestaban a ser monitores, e, por último, o amor á natureza. Os valores ecolóxicos, medioambientais, deberían estar presentes na conservación e acondicionamento do entorno, lavadoiro, e o propio curso do río.

A partir deste momento realizase un Informe Técnico. O requerido documento, medición e presuposto do proxecto, así como o futuro seguimento da obra, conta co asesoramento e a supervisión dun arquitecto titulado e veciño colaborador da parroquia. En base ás súas características, medidas e detalles anteriores, así como en consoancia coas construcións inda existentes, preséntase un Proxecto de Obra, no que se ten especial mimo e cuidado á hora de levar a cabo as referidas obras de restauración.

Grosos muros de mampostería, piso pavimento de pedra, postas a sentimento sobre morteiro pobre e de xeito tradicional, cuberta de tella cerámica curva do país sobre estrutura de madeira, disposta á maneira tradicional e a dúas augas para a formación das conseguíntes pendentes, van a conformar a estrutura do mesmo. Unha porta orientada ó leste e unha abertura ó oeste son as luces directas do interior da construción. O seu espazo inte-

rior recollerá o que de antigo figuraba no mesmo. Compoñeráse de dúas áreas separadas por unha mampara de táboas. A zoa de entrada con camastro, porta e fiestra en madeira de carballo co seu tratamento, e os conseguíntes aparellos. A máis interior, con todo o relativo ós elementos mecánicos necesarios para o seu funcionamento. Como se expresaba no mesmo, as obras na súa totalidade habían de respectar o espírito da construción orixinal e recuperaríanse os mesmos mecanismos na medida das posibilidades. Repararíanse as Canle e Cubo exteriores que se atopan deteriorados como o lavadoiro do seu entorno.

Neste sentido, as obras de acondicionamento e demoición, cantería, carpintería de taller e armar, cuberta, elementos mecánicos do muiño, ascenden no seu presuposto de execución material a 652.000 ptas.

Co fin de financiar as obras xestionase a concesión de axuda económica á Xunta de Galiza – Dirección Xeral de Patrimonio Histórico-Artístico – que aporta a cantidade de 200.000 ptas no mes de outubro do mesmo ano 1989. Un mes máis tarde, paralelamente á xestión anterior, colectivos veciñais como a Xunta de Montes en Man Común da parroquia e a Asociación de Pais do centro, contribúen a facer realidade esta ilusión, sufragando a diferenza ata o custe total. A actitude positiva de ámbalas entidades en relación coa promoción da actividade escolar e cultural, daban o necesario pulo para potenciar o carácter de construción pública ó servizo de toda a comunidade.

No ámbito da natureza tamén debemos mellorar o entorno. En poucos metros de superficie atopámonos con variedades arbóreas autóctonas, freixos, carballos, salgueiros, ameneiras, vimes, loureiros, maceiras, pereiras, etc, que dan vida a grande cantidade de paxaros e demais fauna que vive neste hábitat. A salientar por tanto o valor paisaxístico desta área.

PROPIEDAD, MANTEMENTO E DESFRUTE. CONSTITUCIÓN DO CONSELLO PADROADO "MUIÑO DE FAUSTO"

Inicialmente temos que indicar o grande número de comuneiros propietarios deste muiño. Estudiase a relación de antigos propietarios e propietarias,

coa distribución e número de horas de desfrute do mesmo, resultantes do expresado nos documentos de herdanza recibida. Ata catorce persoas, veciñas e vecinos da parroquia, contabilízanse vinculados á propiedade. A tal fin realizáronse varias reunións entre propietarios e representantes co obxectivo de acadar un Acordo entre todas as partes, cláusula que se aproba no mes de xuño dese mesmo ano, antes do inicio das obras.

Os puntos reflexados no mesmo concretan aspectos relacionados coa continuidade da propiedade, o proxecto de restauración, as condicións e detalles constructivos e mecánicos con materiais dacordo co valor patrimonial e histórico, e a xestión do seu uso a cargo fundamentalmente do centro educativo. Asinado por todas as partes, constituíu o documento base para a súa realización.

Nese mesmo momento decatámonos de que para que o futuro desta recuperación tivese o maior sentido, deberíamos implicar a todos neste proxecto. Entón xurdiu a idea de creación e constituición dun ente que integrase a todos. Así, o 2 de agosto de 1990 constitúese o Consello Padroado "Muiño de Fausto", tamén coñecido pola Comisión Muiño de Fausto.

Constando os seus estatutos de vinteito artigos, o primeiro deles indica claramente a súa filosofía e finalidade. "O Consello Padroado Muiño de Fausto é unha institución de interés galego, con carácter divulgativo, cultural e didáctico, na recuperación histórica tradicional da nosa parroquia". Institución, fin, órgano de xestión, patrimonio e réxime económico, desfrute, chave, modificación, integración e extinción, conforman todo o articulado.

Outro aspecto fundamental no mesmo é a propia composición do órgano. Estará formado por dous representantes dos titulares herdeiros, dúas persoas representando ó claustro de profesorado do centro educativo de Castrillón, dous componentes da Asociación de Pais de Alumnos, un miñeiro e un directivo da Xunta de Montes da parroquia de Coiro. Definidas as responsabilidades dentro deste colectivo, márcase a periodicidade das reunións e a planificación plurianual de obxectivos.

Ó longo destes doce anos de funcionamento desta Comisión, téñense modificado aspectos do mesmo así como incorporado novas persoas ó proxecto. Todo o anterior como a historia destes máis de dous lustros transcurridos ten tirado arredor deste núcleo ou grupo de traballo. En crónica das xestións realizadas indiquemos unhas cantas: as realizadas para liquidar o final da obra, ir ampliando e adquirindo novos terreos na área de influencia máis próxima, a organización de xornadas culturais e festexos, elaboración de fichas de actividades e paneis didácticos, recollida de literatura oral, promoción divulgativa de invitación a visitas a particulares, colectivos e centros educativos, proxectos da Rota dos Muiños, edición da revista informativa, obras de mellora e acondicionamento do interior do muiño e o seu entorno, filmación e proxección de videos didácticos, exposicións fotográficas, etc.

FESTA DO MUIÑO. XORNADAS CULTURAIS

Coa finalidade de salientar a construción restaurada, propónse a celebración dunhas Xornadas festivo-culturais arredor do primeiro domingo do mes de maio de 1990, data na que se considera que as obras máis importantes do proxecto levado a cabo estén rematadas. Así é. Coa ilusión primeiriza de todas as persoas implicadas no mesmo, os días 1,2,3 e 4 de maio dese ano celébranse as I Xornadas Culturais Muiño de Fausto.

Unha festa singular, como ten calificado o investigador local Xerardo Dasairas, "singular esta celebración por ser das poucas que, prescindindo da advocación relixiosa, ten a unha figura laica como eixo conmemorativo. Incluso o gastronómico, tan de moda hoxendía, aparece tan só como elemento complementario nesta exaltación dunha máis senlleiras construcións.."

Os días de festa son todo un auténtico suceso de resposta de xente da parroquia e do concello, de asociacións e grupos interesados na recuperación do patrimonio, do agradecemento das e dos máis maiores, e da participación de todos. Catro xornadas nas que se van a ir sucedendo diferentes charlas sobre os muiños, historia dos mesmos, o millo e os cereais, actuacións musicais populares, baile

XIII FESTA DO MUIÑO COIRO = 2002

SABADO 27 ABRIL

C.E.I.P. Castrillón Coiro

20 h.- Proxección do Video "Proceso completo do pan"

Muiño de Fausto 22 h.- **SERÁN E MUIÑADA**

SABADO 4 MAIO

C.E.I.P. Castrillón Coiro

11 h.- **FESTA INFANTIL**

Atraccións, Xogos, flocos de millo, caravanas
Organiza: Banda de Gaitas Tromentelo

Muiño de Fausto

19 h.- **XIII FESTIVAL FOLCLORICO
LUMIEIRA, PAIS DE S. ROQUE e XUBANZA** (Tui)

22.30 h.- **NOITE FOLK**

ABALADOIRO Grupo Tradicional, Pandeiretel
VEÑA QUE VAI, Grupo Folk **CHIMPA NA PALLA**

DOMINGO 5 MAIO

Muiño de Fausto

Banda de Gaitas **MAZAROCA** - Hio

13 h.- **PREGON** a cargo de VICTORIA MARTIN e FIADEIRO.
Pta. A.S.C.D.X. Meiro - "Millo Corvo"

Humor con **TINO**

18 h - Banda de Gaitas **TROMENTELO**

Humor continuo con **TINO**

Música Tradicional **O FIADEIRO**

ORGANIZA: Asociación Cultural Cacarexo

COLABORAN:
Xunta de Montes de Coiro, Comunidade Educativa do Colexio Castrillón, Conc. Xerxa de Turismo e Xuventude e Concellería da Cultura do Millo, Concello de Cabras, Diputación Provincial de Pontevedra



tradicional, festa infantil, exposición de fotografías cedidas pola Asociación Amigos dos Muiños, e outro tipo de actos, que van a ter o seu punto máis importante na inauguración oficial do mesmo o domingo día catro ás trece horas. Pan de millo, viño do país, empanada de millo de diferentes produtos do mar, van a acompañarnos toda aquela xornada de festa.

Coa colaboración desinteresada de entidades, colectivos e particulares, con moita ilusión comeza a a súa andaina unha festa que leva xa trece anos de vida. Periodo de tempo na que sempre se tivo moi claro quen é o seu auténtico protagonista, o muiño, a propia construción e o seu entorno.

Ó longo deste tempo, o primeiro fin de semana do mes de maio, sábado e domingo de todos estes anos, de 1990 ata hoxe, de xeito ininterrompido, é xa un referente no calendario festivo de toda a comarca e área de influencia. Ábrense as xornadas cunha grande Festa Infantil, organizada polo alumnado e ex - alumnado do centro educativo. Xogos variados relacionados co mundo do millo, atrac-

cións e xogos cooperativos con fariña, espigas, conforman o núcleo da festa que é acompañada de caramelos, produtos de millo. A xornada do sábado continúa pola tarde con Festival Folclórico onde teñen participado agrupacións da comarca, de toda Galicia e do norte de Portugal, para dar fin pola noite na mesma paraxe do muiño con Música Popular.


O domingo é o día grande. Os pasarrúas de gaiteiros e os foguetes espertan a veciñas e vecinos para animar o inicio da festa. Ás doce horas iníciase unha Romería Popular con exposición de pratos variados relacionados co produto, actuando Grupos de Gaitas e de Baile Tradicional. Ás trece horas, en grande solemnidade, dase lectura ó Pregón da Festa, a cargo dunha persoa vinculada co mundo dos muiños e da cultura popular.

Xa pola tarde, de novo, Baile folclórico, humor e música acompañarannos nesta despedida primaveral, degustando produtos e viño do país. Pan de millo, viño, mexillóns, son viandas de agasallo de balde entre veciñas e vecinos, poñendo á venda unha xerra ou taza conmemorativa da festa, que representa un dos peares económicos da súa financiación.

VISITAS

Unha vez restaurado o muiño, foi interés por parte do Consello Padroado dar a coñecer e divulgar entre os escolares esta forma tradicional de produción da nosa economía. Para tal fin, ofrécese este servizo para que todos os escolares da zoa poidesen visitar o mesmo, recibindo as orientacións didácticas oportunas a cargo do muiñeiro, persoa encargada do mesmo.

Esta invitación tamén se traslada a todos os centros da comarca, entidades culturais, e ó propio Concello para que esté presente na súa planificación divulgativa e turística. Estudiosos, persoas interesadas, turistas, centos de escolares, teñen participado en visitas a esta construción desde o curso académico 1989-90 no que se realizaron as primeiras ata os nosos días. O periodo de visitas debe axustarse fundamentalmente ós meses de maior incidencia de pluviosidade, do mes de novembro ó mes de maio. Como última información neste sentido, temos que destacar o convenio



protocolo de visitas, asinado na primavera de 1999, entre o Organismo Autónomo de Turismo do concello de Cangas e a propia Comisión do Muiño.

Informando da súa ubicación, características do mesmo, notificase o escrito explicativo a todos os centros, así como unha Ficha de Actividades de Iniciación para que todas e todos se vaian familiarizando co tema. Unha vez rematada a visita, agasallaselle ó escolar cun pequeno detalle de fariña procedente do millo moido con anterioridade.

As testemuñas de visitantes amosan todas grande interés. De xentes de forra de Galiza, de xentes da emigración que se reencontran con esta forma tradicional, como a curiosidade dos e das máis pequenas escolares.

FICHAS DE ACTIVIDADES

Relacionado co indicado con anterioridade, o propio Consello Padroado elaborou unhas Fichas de Traballo, nas que se iniciaba ou afondaba segun-

do a idade e o nivel dos escolares, na realización das correspondentes actividades. Cuestións referidas á literatura oral, historia, xeografía, partes do muiño, matemáticas, léxico, debuxos, xornalismo, confección de viñetas a partir dunha historia de protagonista o muiño, proceso de fabricación do pan, exercicios de lóxica, procura de información, experiencias de laboratorio, gastronomía, etc. Son os elementos variados que presentan para que dun xeito lúdico, didáctico, todas e todos se inicien no coñecemento deste tipo de construción tradicional.

EDICIÓN DA REVISTA CACAREXO

Noutra orde de cousas, consideramos que debíamos dar un paso máis. Alá polo ano 1.992, arredor da Festa, un novo proxecto faise realidade: a edición dunha revista - boletín informativo sobre o mundo dos muiños. A xeito de presentación e de resume, imos transcribir parte daquela primeira editorial.

“... Nesta primavera que demanda o tan necesario líquido elemento, nace “Cacarexo”. Cacarexo, tarabelo, vara, tenxedoiro, tráquea, tangaño, .. é, como ben sabedes, ese pau que toca na mó producindo unha vibración que fai trequelear o caixon no que está o grao que se vai a moer, que fai beilar o grao por se queda parado no adellón, o sinxelo instrumento que interpreta a melodía do muiño. Cacarexo pretende ser esta peza necesaria de sensibilización de amor ó entorno e á arquitectura popular, esa fonte de ilusións e esforzos co fin de recuperar esa antiga forma tradicional de uso, esa batuta musical que nos compromete, ano tras ano, a seguir impulsando todo o que forma parte desa ponte histórica-cultural entre o pasado e o futuro. Con Cacarexo tentamos moer cada primavera un proxecto informativo e de investigación, aberto a todo tipo de colaboración. Escoller todo tipo de fariña en relación ó mundo dos muiños é o noso obxectivo. Muiños de Coiro, do concello, da comarca, do país, historia e presente, literatura oral, música, folclore, recetarios, conformarán os pratos de cada menú anual...”

Así, con algunha paréntese por diferentes causas, cinco números desta Revista Boletín sobre o mundo dos muiños, xa teñen visto a lus para satisfacción de todos. Colaboradoras e colaboradores,

CACAREXO

REVISTA INFORMATIVA
SOBRE OS MUIÑOS

CACAREXO



Muiño de Fausto - Coiro

Edita: Comisión MUIÑO DE FAUSTO
COIRO (CANGAS) - 1.995

de xeito desinteresado, desenvolveron os seus coñecementos, estudos e investigacións nas mesmas. Todos, todos os muiños do concello estiveron presentes nas súas páxinas, o pregón de cada edición da festa, esquemas e debuxos técnicos, apuntes da historia, teñen contribuído a esta sensibilización. Outros proxectos de restauración xa se levaron a cabo e os planos de emprego Xunta de Galicia - Concello van a seguir por este camiño iniciado.

PRESENTE E FUTURO

Seguindo unha liña común, a Comisión Muiño de Fausto, o centro educativo, coa colaboración e o apoio económico da Xunta de Montes Veciñais da parroquia, levan adquiridas tres fincas lindantes co muiño que pertencían ós vecinos, co fin de seguir mantendo o entorno e poder dispoñer de terreo comunitario para a celebración da festa, así como seguir coas actividades didácticas para os centros educativos e demais colectivos interesados na súa visita e coñecer o seu funcionamento.

Paralelamente, tamén se pide ós vecinos e visitantes o maior respecto ó lugar para a súa mellor conservación. Todas e todos debemos coñecer e valorar este mundo do noso recente pasado. A recuperación da Rota dos Muiños, o sendeirismo pola zoa de protección fluvial, son obxectivos a acadar en datas vindeiras.

Como remate, desde todas as tribunas que se nos ofrece, pedimos o maior respecto a todo o noso patrimonio, cultural e medioambiental, unha maior sensibilidade a todos, institucións e cidadáns en todos os sentidos. Asemade, tamén un agradecemento a todas as persoas e colectivos que fixeron e fan realidade moitas ilusións e proxectos. Aquí neste caso, a todas aquelas veciñas e veciños propietarios, compoñentes da Comisión, da organización da festa, do Consello de Redacción da revista, do mantemento do muiño e do seu entorno, colectivos, etc. En particular, un especial recordo a Antonio Soage, falecido en 1.991 ós poucos meses da súa inauguración, propietario e directivo da Xunta de Montes, persoa clave no proceso desta recuperación. No presente unha especial mención a Antonio Queimaño e Manuel Boubeta, muiñeiros maiores do mesmo, polo seu traballo anónimo e desinteresado. A todos e todas, gracias.

CACAREXO
REVISTA INFORMATIVA
SOBRE OS MUIÑOS
CACAREXO





As agonías das praias e os @pirulís@

Alfonso Fernández

Os veciños de Bueu son testemuñas de algo que nunca pasara na historia do municipio. Dous dos seus espazos naturais máis significativos están en vía de desaparecer: as praias de Pescadoira e Beluso. E outro, o areal de Petís, ameazado de morte. Tristes anos lles toca vivir mentres contemplan as agonías destas praias.

Pescadoira xa quedou arrasada na metade dos 300 metros da súa lonxitude. Desapareceu a area e, como consecuencia, ano tras ano derrúbanse os muros. Tanto se lle como ó mar que el vinga-se desta maneira.

Os danos desta destrución non quedan limitados só a que os veciños xa non poden gozar da praia que teñen ó lado das súas casas. Tamén provocan a alteración do fondo mariño. E polo tanto, prexudican a fonte principal de riqueza de Bueu, que é o mar.

Isto parece que o esquecen algúns mariñeiros. Hai quen trata de convencelos de que as praias, que tanto disfrutaban os seus fillos, son cousas de señoritos ou de veraneantes (non me gusta a expresión Ajodechinchos@ para os forasteiros que elixen Bueu para descansar). Así pois, pensan que eles non quedarán prexudicados porque o nivel da area da praia baixe dous metros en catro anos. E iso que saben que a modificación dos fondos afecta a ameixa, a ostra, o choco...

O que sucede no areal máis céntrico da vila é por culpa da nefasta construción das obras portuarias próximas que empezaron en 1997. Xa sei que non

descubro nada novo. Calquera que contemple o estado da praia, levanta o dedo en dirección ó espigón que ten enfrente para explicar a causa.

É evidente que o recheo para a construción da nova lonxa e a prolongación de 150 metros do dique norte fixéronse sen o coidado suficiente para evitar estes males. Por exemplo, no proxecto do espigón figuraba que Aestaba pendente@ o estudio das correntes mariñas. Agora xa non fai falta que estudien nada porque de sobra se sabe cómo actúan.

APirulí@

Estas deficiencias non son por fallos dos técnicos senón por culpa dos políticos, que pensan máis nos votos que no servizo real que van dar as obras. As declaracións do patrón maior de Bueu, Xosé Manuel Rosas, a El Periódico (13-12-02) de Barcelona son elocuentes: ALa Xunta nos utilizaba porque el alcalde era del BNG (...) Si les hubiésemos pedido que plantaran un pirulí en medio de la ría lo hubiesen puesto@.



O nome do ex concelleiro Cuiña Crespo figura nas seis placas de bronce que hai no peirao de Bueu. El constrúe, aínda que sexan Apirulís@, a cambio de que os mariñeiros paguen con votos para o PP. O cacique e os servos. Como se as obras non se fixeran cos cartos de todos e como se os mariñeiros non tivesen dereito a mellorar as instalacións portuarias. Non necesitan mendigar polas consellerías, senón esixir os seus dereitos.



Con tanta disposición para satisfacer ós mariñeiros ((para conseguir os seus votos!), os políticos esquecen poñer esmero en facer o mesmo pero ben, non Apirulís@. Porque todo o mundo está a favor de que se mellore o porto, sempre que se poñan os medios para non prexudicar o entorno natural. Do que, repito, tamén se benefician os pescadores que traballan no medio natural que é o mar.

A Plataforma SOS Pescadoira móbilízase para denunciar o estado da praia. Manda escritos a varias consellerías, ó Ministerio de Medio Ambiente e á Unión Europea. Espera algunha solución para a praia e que paguen as consecuencias os responsables de seu estado.

Mentres, hai un colectivo anónimo que propón cubrir de terra toda a praia para facer xardíns e pistas deportivas, como se non houbera en Bueu máis sitios para isto. Esquécese de que iso non se pode facer nos areais porque están protexidos pola lei de

Costras. Para os políticos culpables deste atentado ecolóxico iso sería a solución ideal para Pescadoira. Así quedarían aterradas as desfeitas que provocaron.

Praia de Beluso

Esta triste historia continúa a 1700 metros de Pescadoira por mar, na praia de Beluso. A forma como se amplía o peirao de Beluso para atracar barcos de pesca e deportivos ten tres consecuencias. A primeira, a destrución do banco de ameixa babosa e longueirón. A segunda, que sucede nesta praia ó mesmo que na de Pescadoira: o espigón da ampliación do peirao de 170 metros provoca a desaparición da area na súa maior parte. E a terceira, que deixa de existir un dos lugares máis fermosos de Bueu.

O que pasou aquí para sacar adiante a obra é incomprendible para unha mente normal. A non ser que sexa un exemplo de Apirulí@ do que facía referencia Rosas. En realidade, o actual alcalde de Bueu, Tomás Barreiro, foi quen anunciou as obras cando aínda era candidato.

O proxecto que presenta Portos de Galicia ó Ministerio de Medio Ambiente é tan malo que a Dirección Xeral de Costas anula a concesión das obras. Informa extensamente disto o Faro de Vigo do 21 de novembro de 1999. O documento está cheo de irregularidades administrativas, incide negativamente sobre o litoral, non xustifica a transformación do medio que supoñen as obras e carece dun estudio de impacto ambiental. Así son as observacións de Costas a Portos de Galicia.

A Dirección Xeral explica por qué rexeita o proxecto con argumentos que xa son do sentir xeral da xente (excepto caciques e lambecús): ANo es necesario ser un experto (se deduce de la simple observación) para predecir la enorme transformación del medio natural que representará la actuación proyectada por la Xunta (...) en una zona donde actuaciones similares, como la ampliación de Sanxenxo han producido grandes alteraciones, hasta la práctica desaparición de algunas playas, por lo que un mínimo principio de precaución exige no continuar por este camino@.

Greenpeace

Estas palabras parecen calcadas das denuncias que fai Greenpeace ós recheos da costa e á proliferación de portos deportivos. Pero son dun organismo do Ministerio de Medio Ambiente do Goberno Central, que é do mesmo partido que o que manda en Galicia. Polo tanto non existen sospeitas nin de Aesaxeracións@ dos ecoloxistas nin de motivacións partidistas.

Anular a concesión das obras é un duro golpe para o ex conselleiro de Política Territorial, Xosé Cuíña. Pero o político ten quen o defenda. Ós poucos días, o patrón maior esixe ós partidos políticos que definan a súa postura sobre o porto de Beluso no pleno do 1 de novembro de 1999.

A confraría quere que o proxecto se faga Atal e como foi redactado@, ou sexa sendo unha barbaridade, segundo Costas. Incluso ameaza con Aoutros métodos de presión moi distintos ós de agora@. Ningún grupo político apoia o informe da Dirección Xeral: o PSOE abstense por falta de información do proxecto, o BNG non vota e o PP apoia a proposta do presidente do cabido.

Non ten moito efecto a enerxía mostrada por Xosé Manuel Rosas. Porque a obra queda parali-

zada ano e medio, ata que botan fóra ó Director Xeral de Costas, Fernando Marín Castán, que era quen esixía que o porto se fixera ben. Entra José Trigueros e pasa de todas as correccións que puxera o seu predecesor. Cuíña queda contentísimo, (demostrouno nun mitin en Bueu para as autonómicas, o 21 de outubro de 2001) e o porto vai para adiante con todos os defectos denunciados por Costas.

Para que empecen as obras, Portos de Galicia comprométese a asumir a reparación dos posibles danos que puideran provocar. O día da inauguración do peirao, o 6 de agosto de 2002, Cuíña, aínda conselleiro, confirma que repararía o que fixera falta. Agora deixa traballo dabondo ó seu sucesor,

Praia de Petís

Neste momento a praia de Petís reborda area. É o lugar a onde se desviaron moitos veciños que tomaban o sol en Pescadoira. Pero está ameazada de morte. Hai un Aborrador@ de porto deportivo pola Casa do Concello. Consiste en reencher Auns 50 metros@, segundo o alcalde, as rochas que están fronte a nave do Club de Mar.



Din que non van tocar a praia, só tapar unhas pedras para logo atracar iates. Como se as rochas foran escombros de obra tirados nun vertedoiro. Como se os penedos non foran o lugar onde viven os peixes e o marisco. Con este posible porto deportivo a menos de dous quilómetros por mar de distancia do outro, Bueu dá o paso para transformarse de pobo mariñeiro a pobo Aiateiro@.

Claro que non van tocar a praia directamente porque está protexida pola lei. Pero van estragala. Se alteran o seu entorno sentirase afectada. Xa hai exemplos dabondo. E un ben cerca: a cen metros está a ruína de Pescadoira.

A modo de conclusión

Imaxinemos un futuro no que xa non existen as praias de Pescadoira, Beluso e Petís. No seu lugar hai recheos para pistas deportivas ou galpóns e portos deportivos privados. Entón alguén lanza esta proposta nunha asemblea de veciños: A)Queredes que fagamos praias nestes tres puntos da vila como existían no século XX para a mellora da pesca, goce dos veciños a aumento do turismo?@.

Por suposto que habería debate. Quizais ganase a resposta afirmativa. Se así fora, para crear eses

areais os técnicos, técnicos (non os dos Apirulís@) dirían o que habería que facer: para conseguir unha praia en Pescadoira, eliminar o aterrado e recortar o espigón 150 metros; para realizar outra en Beluso, reducir o porto, e para que os veciños de Petís tivesen tamén onde tomar o sol, arrancar de alí o porto deportivo.

En fin, agora xa na realidade, ese desexo da asemblea imaxinaria futura é máis fácil de cumprir. Só hai que desfacer ou reformar os dous portos e non tocar para nada o entorno de Petís. Así, desta maneira tan fácil recuperaríamos as dúas praias. Xa sei que custaría cartos.) Pero que municipio non pagaría o que fose por ter areais no centro urbano? Aquí xa se sabe cómo conseguilo.

Propoño o lugar ideal para botar os escombros dos diques desmontados. Estaría un pouquiño lonxe pero creo que valería a pena o traslado: en Lalín, na finca de Cuíña, responsable das agonías das praias de Pescadoira e Beluso. Habería formigón dabondo para levantar un ApirulíA xigante como recordo dos que fixo pola costa.

Bueu, a 5 de febreiro de 2003





A NOITE EN QUE BOB DYLAN ACTUOU NO RURAL ROCK

Salvador Rodríguez

A min díxomo primeiro o “Chiapas”, pero non llo crin. Iamos pola ducia e media de cervexas i éranche xa as catro da mañá no “Aturuxo”, esa hora na que comeza a imperar a Lei Seca porque están a piques de cegar os da pasma a “darlle o toque” ao local. O caso é que o “Chiapas” entroume cun feixe de rifas para o festival, e cando me estaba a cobrar preguntello:

-¿E a quen ides traer este ano?

- ¡Cala a boca!, cuspiume o outro. Se me xuras que non o publicas dígocho, porque quedamos en que iso ía ser un segredo total.

-¿Cómo que un segredo? ¿E logo facedes un festival e ides manter en segredo aos grupos que van tocar?

-¡Non home, non! Haiche un programa oficial, però...

-¿Pero que?

-¡Chiss! Mira, ven para acá.

Sáímos a terraciña, baixo a lúa chea e ¡ras! espétame o de “¡Este ano vén Bob Dylan!”

-¡Vai o carallo, Chiapas!

Marchei de aí e case me esnafro de fronte contra Rodrigo.

-¿Qué che pasa?

-¡A min nada, será ao Chiapas! ¡Debe ter máis cervexa no estómago que o camión de reparto de Mahou!

-¿E logo?

- Nada, home, nada. Que o jicho disque este ano actúa Bob Dylan no Rural Rock. ¡No flipa ni nada!

-Pois é verdade.

Mirei para Rodrigo e el para min.

-En realidade non llo iamos dicir a ninguén, pero xa que o Chiapas meteu a pata pois ¡veña! Pois si, que é verdade. Vai actuar Bob Dylan no “Rura”, o que pasa é que avisou o manager que non llo dixeramos a ninguén. Que é un capricho que lle entrou ao Bob e...

-¡Unha merda! ¿Non vos creo nin louco!

Eu seguín apurando as cervexas que me quedaban por diante aquel sábado e así acabei como acabei, pero non conseguín quitarme dos miolos o de Dylan, a pesares de todo. “¡Vaia “vacile” me quixeron pegar estes dous!”

Ao día seguinte doíame ata o espírito. Non durmira nada, pero todo pola culpa do conto aquel, así q cando me topei con Victoria na alameda de Bueu non puiden evitar tocar o tema.

-¡Oes! ¡Menuda broma! ¿Non van onte o “Chiapas” e mais o Rodrigo e me contan que vai actuar Bob Dylan no Rural Rock?

-¿Dixeróncho? ¡Serán pasmóns! Se quedamos en que non se ía enterar ninguén ata a mesma noite do concerto.

Cáseque me desmaio.

-¡Para, para aí, Victoria! ¿Entón é verdade iso? ¿E como o conseguístedes?

E vai Victoria e cóntamo. Resultou que ás portas da casa de Bob Dylan, aló en Nova

York, chegou un día un galego cunhas cantas mazarocas de millo corvo e mais un exemplar da revista da asociación. O Dylan, en canto ollou o millo, seica ficou abraiado.

O resto é fácil de supoñer, porque xa se sabe que a estes artistas en canto se lles mete algo na cabeza non hai quen os aguante. Díxolle ao manager que el tiña que quería mirar cos seus propios ollos cómo carallo era posible aquel milagre do millo negro. O galego que estaba con el, que era de Meiro e chamábanlle o Ruso, informoulle:

-¡Cando vostede queira, señor Dylan! Eu aínda teño unha casa aí e está á súa disposición para canto desexe.

-¡Pois moi ben! ¿Cando imos? ¡Veña vostede comigo que lle pago a pasaxe!

Pepe “O Ruso” quedou abraiado. ¡Ao din podería volver a súa terra! ¡E aínda por enriba de balde e acompañado por aquel artista de tanta sona mundial!

O caso é que a finais de maio, Dylan e mailo Pepe cegaron, de incógnito, á aldea. Avisada Victoria, non tardou nin un cuarto de hora en achegarse á casa do seu vello amigo “O Ruso”, ao que non mirara dende había vinte anos, cando ela aínda era nena i el fórase a “facer as Américas”.

A Victoria colleu confianza con Bob enseguidiña.

-Mire míster Dylan, xa que vostede está aquí, non sei se lle pareceres atrevida pero é que, por estas datas, dende hai uns anos, os mozos da aldea teñen por costume organizar un festival de música e, dende logo, se a vostede lle apetecese...

Non fai falla dar máis detalles. Dito e feito. Quedaron apalabradas as condicións (o do segredo, xa sabedes) e o Dylan xurou que,

aínda que viña sen o seu grupo de xiras, non tiña ningún inconveniente en actuar no Rural Rock...

Ata o de hoxe non se me permitiu contar nada daquel concerto, mais estimo que este é o momento oportuno. O Bob Dylan actuou, si, despois de que o fixesen o resto dos grupos que participaban no festival. Abriu o seu concerto con “The times they are changing” e pechouno con “Knocking on heaven’s door”. Quedabamos poucos xa naquela altura da noite, pero alí estaban o Chiapas e mais o Rodrigo, a Victoria e mais “O Ruso”, e o Dylan rascando unha guitarra vella que lle emprestara un veciño e berrando que todas as respostas ficaban no vento.

Ao rematar, tomamos unhas cuncas de viño e probamos uns cachos de empanada. E dixo Bob:

-¡Sábenche ben ricos o viño e maila empanada de millo corvo! ¡Para o ano que vén xa me tendes aquí outra vez!

E contestoulle a Victoria:

-Pois síntollo moito, pero non sei se vai poder ser, porque xa quedamos con Mick Jagger, o dos Rolling Stones, ¿coñéceo? Que seica hai pouco coñeceu en Londres a unha rapaza da Portela e...

“Dende logo –pensei para min- o que non pase aquí en Meiro, non pasa en ningures”.

**Adicado a tódol@s roqueir@s dos Highlands de Meiro, A Portela e Ermelo*



ALGUÉN

José Manuel Gómez Torres

E se Alguén pode ser calquera, eu mesmo, ou aquel que transporta enriba dos seus ombreiros encalecidos bombonas domésticas, ou aquel outro uniformado que esixe respecto ás leis, ou tamén, ¿por que non?, podería se-lo último bastión humano que predestina a nosa morte, en fin, o tal Alguén podes ser ti, home ou muller, por condición establecida xenéticamente e por iso: unha identidade aínda que non chegues a ser socio honorífico do Club dos Alguén, do que, potencialmente, todos somos abonados, incluído ti.

A lembranza trasládame a aquel día en que Alguén, totalmente descoñecido para min e para o que eu lle resultaba pouco familiar, era o seu Alguén evidentemente, dirixiuse á miña persoa e sorprendeume preguntándome por un tal Alguén do que me regalou unha morea de identidades que resultaron ser todas un cúmulo de referencias inútiles polo pouco reveladoras que me resultaron. Aquel Alguén que me preguntaba polo tal Alguén e para que eu era o seu Alguén, nada máis decatarse do meu descoñecemento polo seu Alguén buscado marchou cunha imaxe de min, para a súa desgracia, real, ademais dunha perda de tempo total polo que se viu obrigado a seguir no seu empeño esperando a que outro Alguén puidera serlle máis útil. Ó tempo sóubose todo do Alguén perdido, xa para ambos, pois Alguén contou despois dun soño que o enigmático Alguén era eu mesmo de copeo cos dous Alguéns da noite: o consciente e o inconsciente. Que o subconsciente se explique e senón:

¡Que Alguén mo aclare!

¿QUE É A VIDA?

José Manuel Gómez Torres

¿E preguntásmo a min?, ¡a min, que resultado ser un anaco de ti!, ¡de ti unha infinitésima parte!, ¿Como tes ese valor de interrogarme ó respecto? Ti, interlocutor e entrevistado á vez, cen por cen da pregunta, asume o humillante que resulta ser, polo pouco reveladora, tal interpretación. Por moito que o intento non podo xustificar tal vexación e, aínda así, pídoche que procures non perde-lo que debería se-la túa auténtica conciencia se en verdade aínda non a malograches. Quizais che fose de proveito facer unha visita á fosa que a túa antagonista nos ten preparada e que ela mesma che profetice o que intentas facerme crer que ignoras.

Un pouco antes do final, cando a túa crueldade decida que a miña existencia sexa alimento de vermes antropófagos, sei que me deixarás fuxir por diante de ti, para a túa sorte e sabendo que só hai medalla para o último. Faite a unha idea de que se no sprint final cruzarei a meta agonizando con parecida expresión letal á de todos aqueles que durante séculos alzaron os seus brazos de campión acabado. Logo desaparecerei e ti quedarás mantendo en activo a mesma pregunta como resposta á túa eternidade e ante futuras vítimas. Ó final non temos máis remedio que aceptala realidade, saíría sempre perdendo, loito por manter certa nobreza ante esta calidade túa que permite con conta gotas o vivir namorado de algo efémero, é curioso, amar a quen me vai condenar e que hoxe enche de maledicencia preguntame sobre aquilo que xa sabe que eu, interesadamente, quero ignorar.

¡Así é a vida!



POEMA

Lucía Novas

As escalas dos mapas miden os corpos con exactitude asombrosa.

Deixando atrás as fragas das lapas (coxas, brión, vello, enredadeiras), introducíeste polos desertos mariños e subsaharianos.

A acuosidade é o elemento máis firme.

Ábrense as portas coma os pétalos dunha anémona oceánica, e permítese arribar ó interior máis estraño.

O ceo sureiro ten un valor incalculábel:

*voan misteriosas as flores de azafrán,
e anéganos o aire co seu olor a madeira seca.*

(Reméxeste entre as areas rugosas e as palmeiras)

Plenilunio de lúa mollada e pracer de solsticio.





ESTA NOITE IREI A VERTE

José Antonio Pastoriza García



*A O MUIÑO DA PRESA
TEN A PORTA PECHADA
ATA QUE EU APAREZA.*

*Ó CARÓN DO FAROL
E Ó SON DO MUIÑO
A GAITA VOU TOCAR
PORQUE ESTOU NAMORADIÑO.*

*POR TI ESTOU TOLO,
ESTA NOITE EICHO DICIR,
PORQUE QUERO QUE PRA SEMPRE
COMIGO VEÑAS VIVIR.*

*VELAREICHE POLA AUGA,
PRA QUE O MUIÑO NON PARE.
MOE MOITO MILLO CORVO
PARA MAÑÁN ENFORNARE.*

*MOITO ME GUSTA VERTE
TODA CHEA DE FARIÑA.
MIRAR ESA BRANCURA
NESA CARA ROSADIÑA.*

*MIÑA AMADA MUIÑEIRA,
ESTA NOITE EITE BICAR.
NO MUIÑO DA PRESA
NOS TEUS BRAZOS VOU QUEDAR.*

*ENCHE A MUEGA DE MILLO,
A MOENDA BEN REGULADA,
PARA TERTE NOS MEUS BRAZOS
ATA CEGAR A MADRUGADA.*

